

PLAN ANUAL DE CONTROL FINANCIERO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA PARA O EXERCICIO 2024

1. *Plan de control financeiro 2024 - subvencións pagadas pola Deputación no exercicio 2022.*
2. *Plan de control 2024 – Concello de Cee.*
3. *Plan de control 2024 – Concello de Dodro.*
4. *Plan de control 2024 – Concello de Muxía.*
5. *Plan de control 2024 – Concello de Porto do Son.*
6. *Plan de control 2024 – expedientes derivados do Servizo de Fiscalización.*
7. *Dilixencia da selección da mostra de entidades do Plan 2024.*

EXPTE 2024000033547**PLAN DE CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN PARA O EXERCICIO 2024,
REFERIDO ÁS SUBVENCIÓNS PAGADAS NO EXERCICIO 2022, COA INCLUSIÓN
DOS ELEMENTOS DE RISCO DETECTADOS NA INTERVENCIÓN PREVIA E
COMUNICADOS POLA XEFA DE SERVIZO DE FISCALIZACIÓN.****I. INTRODUCCIÓN.**

Con data de 12 de maio de 2017 publicouse no Boletín Oficial do Estado (número 113) o Real decreto 424/2017, polo que se regula o réxime xurídico do control interno do Sector público local. Esta importante norma regulamentaria vén a desenvolver os artigos 213 e seguintes do Texto refundido da Lei reguladora das Facendas locais (R.D. lexislativo 2/2005, de 5 de marzo), logo de que parte deste articulado fora obxecto de significativas modificacións aprobadas pola Lei 27/2013, de racionalización e sostibilidade da Administración local, coa finalidade de acadar un control económico-orzamentario máis rigoroso, e como dí a súa Exposición de motivos, asegurar a xestión regular dos fondos públicos, o emprego eficiente dos mesmos e a sostibilidade financeira das entidades locais.

O control interno é unha función reservada ao órgano interventor da Corporación, encabezado xerarquicamente polo Interventor xeral e, baixo os principios de autonomía funcional e exercicio desconcentrado, integrado polo viceinterventor, interventores adxuntos e demais persoal funcionario adscrito á Intervención, coas delegacións e distribución de tarefas e cometidos que en cada momento fixe o propio Interventor xeral, que deberán ser executadas baixo a responsabilidade directa e inmediata do superior xerárquico dos correspondentes negociados, sección e servizos.

Para o cumprimento da súa función, tal como dispón o artigo 4.3 do Regulamento, o órgano interventor ha de dispor dun modelo de control eficaz, habilitándolle para tal fin os medios necesarios e suficientes. Este modelo deberá controlar inicialmente, polo menos, o

oitenta por cento do orzamento xeral consolidado e, no transcurso de tres exercicios consecutivos, o cen por cento de dito orzamento.

Para acadar o obxectivo exposto, o órgano interventor actuará mediante a función interventora, isto é, o control de legalidade previo a cada acto e acordo, e o control financeiro posterior, coa finalidade de verificar o funcionamento de cada servizo público para comprobar o cumprimento da normativa de aplicación e se, en síntese, se cumpre co principio de boa xestión financeira, que ademais de verificar a legalidade da actuación, analiza a eficacia, a eficiencia, a economía, a calidade e a transparencia, así coma o cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira.

No marco normativo exposto, este órgano interventor elaborou e aprobou o **PLAN DE CONTROL INTERNO 2024 (referencia Subtel 2024000012952)**, do que se deu conta ao Pleno da Corporación na sesión ordinaria que tivo lugar o día 1 de abril de 2024 (punto 21 da orde do día). No marco de dito Plan, o control financeiro de subvencións adquire unha importancia significativa, ao ser unha tarefa que a Intervención xa vén realizando a función de control financeiro desde o ano 2006, **amosando os resultados de cada ano a loita eficaz que se está a realizar contra o fraude, no só no que atinxe á aplicación concreta das subvencións, senón estendendo o seu efecto aos ámbitos tributarios, laborais e contábeis.**

Para continuar con estas actuacións de control financeiro de subvencións, procede neste ano 2024 executar o control sobre as subvencións pagadas en exercicios anteriores; mais tendo en conta que no Plan de 2023 -que vimos de rematar nestes días- foron obxecto de control as pagadas nos exercicios 2020 e 2021, corresponde agora realizar o control sobre o conxunto das pagadas no ano 2022.

Por outra banda, ao longo do exercicio de 2023 fóronse sometendo á intervención previa as propostas de pagamento de subvencións concedidas nos exercicios 2020, 2021 e 2022, labor no que o persoal adscrito á fiscalización previa ten coñecido dalgúns expedientes, **en total 21**, nos que se teñen apreciado algúns elementos de risco, **razón pola que estes expedientes van a ser incluídos directamente no plan.**

Xa que logo, dándolle cumprimento á normativa reguladora de control interno, tomando en consideración ás previsións contidas no Plan de control interno elaborado e coñecido polo Pleno da Corporación para o período 2024 e consonte ao previsto na Base 56ª das de Execución do Orzamento xeral para o exercicio 2024, preséntase nos apartados seguintes o **PLAN DE CONTROL FINANCEIRO 2024, RELATIVO ÁS SUBVENCIONS PAGADAS AO LONGO DO EXERCICIOSECONÓMICO 2022, ASI COMO SOBRE OS ELEMENTOS DE RISCO DETECTADOS NO EXERCICIO DA INTERVENCIÓN PREVIA.**

II. ANÁLISE PREVIO DE RISCOS.

Os riscos na incorrecta aplicación dos fondos públicos a través de subvencións xa foron postos de manifesto nos sucesivos plans de control financeiro de subvencións executados desde o ano 2006. Sen dúbida é unha das áreas de gasto na que se aprecia un maior risco de incumprimento, tanto formal coma material, ao seren terceiros os que xestionan a aplicación dos fondos públicos entregados.

Os resultados obtidos ata este momento na execución do Plan de control aprobado no exercicio 2023 para o control das subvencións pagadas nos exercicios 2020 e 2021, evidencian un grado de risco significativo, fixándose o mesmo no **32% de elementos defectuosos atopados** (operación vinculadas non autorizadas previamente, subcontratación non permitida, falsidade de facturas, exceso de financiamento, falla de rexistros contábeis, entre outras).

Así, foron tramitados efectivamente con emisión de informe definitivo (non se inclúen os obtidos inicialmente na mostra que foron arquivados) 51 expedientes, dos que 23 remataron con informe de conformidade (45 por cento), 12 con informe definitivo de conformidade con observacións (23 por cento) e 16 con informe de desconformidade (32 por cento), ben con proposta de reintegro e incoación de expediente sancionador, só con proposta de expediente sancionador ou con apreciación de infraccións que xa estaban prescritas.

III. A CONCRECIÓN DO PLAN: UNIVERSO E CRITERIOS DE ESCOLLA.

1. Universo:

O Plan vai executarase sobre as subvencións correntes e de capital pagadas no exercicio 2022 á entidades privadas, segundo listaxe que se incorpora como Anexos I e II. Quedan excluídas do universo as subvencións pagadas a entidades locais e outras entidades públicas, pois polo seu carácter xa están sometidas ao control dos órganos de control interno daquelas entidades.

Pola aplicación do principio de escasa importancia relativa, entendendo asemade que o custo da actividade administrativa de control sería superior aos recursos públicos aplicados, tamén se decidiu excluír do universo as subvencións pagadas por importe inferior a 1000 euros.

Dentro deste universo cómpre realizar unha división, con dous grupos diferenciados:

- Por unha banda, as subvencións pagadas á entidades non lucrativas (imputación aos artigos 48 e 78 da clasificación económica do estado de gastos), no que se atenderon os pagamentos de 1.174 expedientes no exercicio 2022.
- Por outra banda as pagadas á empresas, persoas físicas ou xurídicas, con imputación aos artigos 47 e 77 do Estado de gastos. Neste grupo o número de expedientes atendidos con pagamentos individuais **superiores aos 1.000 euros** foi de 2.504 no exercicio 2022.

Xa que logo, agregándose estes catro grupos que figuran nos correspondentes anexos, queda determinado un universo composto por 3.678 expedientes.

2. O tamaño da mostra:

Para determinar o número de expedientes sobre os que se realizarán actuacións (tamaño da mostra) utilízase a seguinte fórmula de mostraxe aleatorio simple, partindo dos seguintes datos:

UNIVERSO EXERCICIO 2022	3.678 expedientes
UNIVERSO EXERCICIOS 2020-2021	3.595 expedientes
UNIVERSO EXERCICIO 2019 (Grupos I e II)	1.993 expedientes
PORCENTAXE DE ELEMENTOS DEFECTUOSOS EN EXERCICIO 2020-2021	47,54
PORCENTAXE DE ELEMENTOS DEFECTUOSOS EN EXERCICIO 2019	47,50

Mediante o tratamento dos anteriores datos coa fórmula de mostraxe aleatorio simple, obtense o seguinte resultado:

N = TAMAÑO DO UNIVERSO	3678
P.ESP = Porcentaxe esperada de elementos defectuosos	0,50

Precisión %	1,5
Nivel de confianza %	90

$$P.ESP = (N_{t-1} \cdot \hat{P}_{t-1} + N_{t-2} \cdot \hat{P}_{t-2}) / (N_{t-1} + N_{t-2})$$
 sendo N_{t-1} y N_{t-2} os tamaños dos universos en los períodos inmediatamente anteriores ao actual.
 sendo $\hat{P}_{t-1}$ y $\hat{P}_{t-2}$ as estimacións das porcentaxes de elementos defectuosos nos dous períodos inmediatamente anteriores ao actual.

NOTA: Si P.ESP resulta $\leq 0,5$ se tomará 0,5

$N_{t-1} =$	3595
$N_{t-2} =$	1993
$\hat{P}_{t-1} =$	47,54
$\hat{P}_{t-2} =$	47,50

n = TAMAÑO DA MOSTRA	58,54
-----------------------------	--------------

$$n = (N \cdot P.ESP \cdot (100 - P.ESP) / Vo \cdot (N - 1) + P.ESP \cdot (100 - P.ESP))$$
 sendo $P.ESP \cdot (100 - P.ESP) = 49,75$
 sendo $Vo = (PRECISION / 1,64)^2 = 0,83655562$

INTERVALO	62,83
------------------	--------------

Int. = N / n

Xa que logo, a mostra incluírá 59 expedientes, que serán escolleitos segundo o procedemento que se detalla no seguinte apartado.

3. Criterios de escollo da mostra:

Para a selección dos **59 expedientes da mostra**, vaise a seguir o seguinte procedemento, agrupando os expedientes en dúas listaxes.

Para a determinación dos expedientes a escoller, empregarase a fórmula da Intervención Xeral do Estado (apartado de cálculo de números aleatorios), tendo en conta o universo determinado polos expedientes que integran cada tramo e o número de expedientes da mostra. Dita fórmula permitirá fixar o número aleatorio a partir do que se inicia a escollo en cada intervalo.

3.1. Grupo I: Universo formado polas subvencións pagadas a entidades NON LUCRATIVAS ordenadas de maior a menor contía (exercicio 2022):

Deste grupo vanse a escoller **30 expedientes**, de acordo cos seguintes criterios.

1º TRAMO: Expedientes do 1 ao 21. ($\geq 60.000\text{€}$)

Seleccionaranse ao chou 4 expedientes dos 21 que forman o tramo (o 20 por cento do estrato).

2º TRAMO: Expedientes do 22 ao 83. (< 60.000 e ≥ 25.000)

Seleccionaranse 5 expedientes do estrato composto por 62 expedientes (8 por cento).

3º TRAMO: Expedientes do 84 ao 320. (< 25.000 e ≥ 10.000)

Neste estrato formado por 237 elementos, tomaranse 6 expedientes (o 2,5 por cento do estrato).

4º TRAMO: Expedientes do 321 ao 1174. (< 10.000 e ≥ 1.000)

Tomarase o 1 por cento do estrato formado por 854 expedientes, isto é, 15 expedientes.

3.2 Grupo II: subvencións do PEL e outras a prol de persoas físicas e entidades mercantís ou outras de natureza LUCRATIVA.

Dado que sobre o primeiro grupo van a escollerse 30 expedientes, para completar a mostra de expedientes (59) , deberanse **seleccionar 29 expedientes** deste Grupo II no que se desglosou o universo.

Para levar a cabo a escolla neste Grupo II, vanse a utilizar os mesmos intervalos que no grupo anterior, se ben adaptados ao importe e número de elementos de cada estrato, fixándose os seguintes:

1º TRAMO: Expedientes do 1 ao 131. ($\geq 15.000\text{€}$)

Seleccionaranse ao chou 4 expedientes dos 131 que forman o tramo (o 20 por cento do estrato).

2º TRAMO: Expedientes do 132 ao 372. (< 15.000 e ≥ 10.000)

Seleccionaranse 5 expedientes do estrato composto por 241 expedientes (2 por cento).

3º TRAMO: Expedientes do 373 ao 567. (< 10.000 e ≥ 5.000)

Neste estrato formado por 196 elementos, tomaranse 6 expedientes (o 4 por cento do estrato).

4º TRAMO: Expedientes do 568 ao 2504. (< 5.000 e ≥ 1.000)

Tomarase o 1 por cento do estrato formado por 1937 expedientes, isto é, 14 expedientes .

Cando a subvención sexa de capital, tramitarase un procedemento ordinario, coa comparecencia do actuario na sede da entidade, para o efecto da realización a comprobación material do investimento realizado.

Se a subvención é de carácter corrente, incoarase inicialmente un procedemento abreviado, sen comparecencia do actuario, solicitándose inicialmente a documentación

necesaria para facer as comprobacións oportunas; agora ben, se o interventor responsable do control financeiro o estima necesario, pola complexidade do expediente ou da contabilidade, poderase acordar a tramitación do expediente co carácter de ordinario.

De acordo co disposto no artigo 30.2 d) da Ordenanza xeral de subvencións e transferencias, cando un expediente conclúa con proposta de reintegro total ou parcial, procederase a estender as actuacións a todas as subvencións concedidas e pagadas a entidade beneficiaria, sempre que non se teña producido a prescrición.

IV. RESULTADOS.

De cada expediente de control financeiro emitírase un informe co carácter de provisional, a non ser que o informe sexa de plena conformidade, pois en tal caso prescindirase deste trámite por resultar innecesario. O informe provisional emitido será posto de manifesto ao terceiro interesado (entidade beneficiaria da subvención) así como ao servizo que xestionou a concesión e proposta de pagamento da subvención, concedéndose un prazo de quince días hábiles para presentar as alegacións que estimen oportunas. A vista das alegacións, emitírase un informe definitivo, que será remitido ao terceiro interesado e tamén ao servizo xestor do expediente. Tamén serán remitidos ao Presidente e, a través de este órgano administrativo, ao Pleno da Corporación, para o seu coñecemento.

Seguindo as Normas de auditoría do Sector Público aprobadas pola Intervención xeral do Estado e as disposicións contidas da Ordenanza xeral de subvencións e transferencias desta Deputación, os informes exporán de forma clara, obxectiva e ponderada, os feitos comprobados, os fundamentos da opinión e das conclusións obtidas e, no seu caso, as recomendacións ou actuacións correctoras necesarias, podendo derivarse dos mesmos a incoación de expedientes de reintegro e sancionadores, cando se observe a comisión de accións tipificadas coma infracción administrativa.

Cando sexa unha persoa xurídica a beneficiaria da subvención, indicárase no informe a persoa física que exercía as funcións de administración ou representación legal no momento de presentarse a solicitude de subvención e tamén que asinou a conta xustificativa, para o caso de que fora necesario que nos posteriores procedementos de recadación dos reintegros e das sancións fora necesario derivar responsabilidade solidaria

ou subsidiaria contra estas persoas, nos termos previstos na Lei 38/2003, Xeral de Subvencións e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.

No caso de apreciarse feitos que puideran dar lugar a responsabilidade penal, serán remitidos á Fiscalía Provincial de A Coruña; para o caso de que puidera existir a comisión dunha infracción das previstas na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, daráselle traslado ao órgano competente, sen prexuízo de poñer os feitos en coñecemento do Tribunal de Contas, por si procedese a incoación dun procedemento de responsabilidade contable.

Consonte ao previsto no artigo 31.3 do Regulamento de control interno, o presente Plan será remitido a efectos informativos ao Pleno da Corporación. Unha vez que o Pleno da Corporación tome coñecemento do mesmo, será publicado na sede electrónica da Deputación de A Coruña, aos efectos de xeral coñecemento.

O interventor adxunto,

Juan Bautista Suárez Ramos.

O interventor xeral,

José Manuel Pardellas Rivera.



EXPEDIENTE SUBTEL: 2024000033547

**PLAN DE CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN PARA O EXERCICIO 2024,
REFERIDO ÁS SUBVENCIÓNS PAGADAS NO EXERCICIO 2022 POLO
CONCELLO DE CEE**

1.- INTRODUCCIÓN

Con data de 12 de maio de 2017 publicouse no Boletín Oficial do Estado (número 113) o Real decreto 424/2017, polo que se regula o réxime xurídico do control interno do Sector público local. Esta importante norma regulamentaria vén a desenvolver os artigos 213 e seguintes do Texto refundido da Lei reguladora das Facendas locais (R.D. legislativo 2/2005, de 5 de marzo), logo de que parte deste articulado fora obxecto de significativas modificacións aprobadas pola Lei 27/2013, de racionalización e sostibilidade da Administración local, coa finalidade de acadar un control económico-orzamentario máis rigoroso, e como di a súa Exposición de motivos, asegurar a xestión regular dos fondos públicos, o emprego eficiente dos mesmos e a sostibilidade financeira das entidades locais.

O control interno é unha función reservada ao órgano interventor da Corporación, encabezado xerarquicamente polo Interventor xeral e, baixo os principios de autonomía funcional e exercicio desconcentrado, integrado polo viceinterventor, interventores adxuntos e demais persoal funcionario adscrito á Intervención, coas delegacións e distribución de tarefas e cometidos que en cada momento fixe o propio Interventor xeral, que deberán ser executadas baixo a responsabilidade directa e inmediata do superior xerárquico dos correspondentes negociados, seccións e servizos.



Para o cumprimento da súa función, tal como dispón o artigo 4.3 do Regulamento, o órgano interventor ha de dispor dun modelo de control eficaz, habilitándolle para tal fin os medios necesarios e suficientes. Este modelo deberá controlar inicialmente, polo menos, o oitenta por cento do orzamento xeral consolidado e, no transcurso de tres exercicios consecutivos, o cen por cento de dito orzamento. Para acadar este obxectivo, o órgano interventor actuará mediante a función interventora, isto é, o control de legalidade previo a cada acto e acordo, e o control financeiro posterior, coa finalidade de verificar o funcionamento de cada servizo público para comprobar o cumprimento da normativa de aplicación e se, en síntese, se cumpre co principio de boa xestión financeira, que ademais de verificar a legalidade da actuación, analiza a eficacia, a eficiencia, a economía, a calidade e a transparencia, así coma o cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira.

2.- DELEGACIÓN DO CONCELLO DE CEE NA DEPUTACIÓN

2.1. O 6 de xullo do 2020 foron publicadas no BOP da Coruña núm. 101 as “Bases para a prestación de servizos de control financeiro aos concellos de ata 10.000 habitantes”. Tal como se explica no fundamento do acordo adoptado, debido a escaseza de persoal adscrito aos órganos interventores municipais, a Intervención da Deputación, no exercicio das funcións de asistencia económica a municipios, decidiu ampliar esta oferta de cooperación para os concellos situados na banda entre 5.000 e 10.000 habitantes, entendendo que, xuntamente cos de menos de 5.000 habitantes, son os que contan cunha estrutura organizativa da Intervención municipal moi reducida.



Conforme á base terceira, que recolle o contido e alcance da delegación: “Os concellos poden delegar as seguintes funcións:

- a) O exercicio das funcións de **control financeiro sobre as subvencións** pagadas nun exercicio determinado ou de todos os exercicios pechados, sempre que as obrigas dos beneficiarios non estean prescritas.
- b) A instrución e resolución dos **expedientes de reintegro e sancionadores derivados** dos informes de control financeiro que se emitan en virtude da delegación anterior, así como a liquidación e recadación, tanto en período voluntario coma en executivo, dos ingresos de dereito público resultantes.

2.2- O 09/10/2020 recibíuse nesta Deputación certificado da secretaria en acumulación do Concello de Cee, co visto e prace da súa Alcaldía, do acordo plenario adoptado por maioría absoluta o 31/07/2020 do citado órgano, que acordaba delegar nesta Deputación as funcións referentes ao control financeiro de subvencións.

3- Tendo en conta os antecedentes, lexislación aplicábel e consideracións expostas, o Pleno da Corporación, na sesión ordinaria do 30 de outubro do 2020, adoptou o seguinte acordo:

PRIMEIRA: Aceptar a delegación relativa ao exercicio das funcións de control financeiro sobre as subvencións pagadas polo Concello de Cee.

SEGUNDA: Aceptar a delegación da instrución e resolución dos expedientes de reintegro e sancionadores derivados dos informes de control financeiro que se emitan en virtude da delegación anterior, así como a liquidación e recadación, tanto en período voluntario coma en executivo dos ingresos de dereito público resultantes. Para este efecto, resultarán tamén de aplicación a esta delegación as Bases para a prestación de servizos tributarios aos concellos da provincia.

4- A delegación de competencia entrou en vigor despois da publicación do acordo definitivo no BOP o 13/11/2020 e no DOGA o 31/12/2020.



3.- PLAN PARA O EXERCICIO DE CONTROL FINANCEIRO DAS SUBVENCÍONS PAGADAS POLO CONCELLO DE CEE NO EXERCICIO DE 2022.

O control financeiro de subvencións adquire unha importancia significativa, ao ser unha tarefa que a Intervención provincial xa vén realizando dende o ano 2006, amosando nos resultados de cada ano a loita eficaz que se está a realizar contra o fraude, non só no que atinxe á aplicación concreta das subvencións, senón estendendo o seu efecto aos ámbitos tributarios, laborais e contábeis.

Posto que na Deputación procede este ano 2024 executar o control sobre as subvencións pagadas no exercicio 2022, seguindo o mesmo criterio, tamén se realizará o control financeiro s **subvencións pagadas polo Concello de Cee no mesmo exercicio orzamentario..**

Na Deputación aplicouse o criterio de **separar as subvencións pagadas a entidades non lucrativas das lucrativas**, mais no caso do Concello de Cee non consta que se teña pagado no ano 2022 ningunha subvención a prol de entidades lucrativas.

Concreción do plan: universo e criterios de escolla da mostra.

O Plan executarase sobre as subvencións correntes e de capital pagadas no exercicios 2022 polo concello de Cee a entidades privadas sen ánimo de lucro, segundo as listaxes que se incorporan como Anexo a este informe, que foi extraído do aplicativo **SICALWIN-Concello de Cee-Exercicio 2022**.



Polo que atinxe ao Capítulo 7º (Transferencias de capital), non consta que se teña realizado pagamento ningún con tal natureza económica no exercicio 2022.

No tocante aos pagamentos realizados polo Concello de Cee con cargo ao capítulo 4º (Transferencias correntes), debe ser depurado, eliminando do mesmo as axudas de emerxencia social e as de comedor, -ao ter carácter asistencial e non ser consideradas subvencións segundo o artigo 2.2. a) da Lei de Subvencións de Galicia.

Por razóns análogas, tamén hai que excluír os pagamentos de premios, pois polo seu réxime xurídico específico non requiren máis que un acto de concesión, consonte a unhas bases previamente aprobadas polo órgano competente, pero sen que sexa necesario presentar logo unha conta xustificativa.

Non se inclúe tampouco no universo o pagamento realizado a prol da empresa concesionaria da piscina municipal, que ten o carácter de contraprestación que complementa as tarifas que aboan directamente os usuarios (subvención de explotación), polo que o seu réxime xurídico corresponde á regulación do extinto contrato de xestión de servizos públicos.

E para rematar co apartado de exclusións, tamén han de seren eliminadas as cotas de socio pagadas a prol da FEMP, da FEGAMP e da Asociación de Concellos do Camiño de Fisterra e Muxía; mais, pola contra, si se mantén no universo o pagamento realizado a esta asociación para o cofinanciamento do proxecto *“MELLORA DA CAIDADE, COMPETITIVIDADE E ACTIVIDADES TURÍSTICAS NO CAMIÑO DE FISTERRA E MUXÍA”*, ao ser a achega de carácter singular e expresmaente afectada a dito gasto, polo que cumpre cos requisitos do artigo 2 da LXS para ter natureza subvencional.



Despois destes axustes, o universo queda configurado do seguinte xeito:

Exercicio	Lucrativas	Non lucrativas
2022	0	14

Dado este escaso número de expedientes, considérase que unha mostra de **TRES EXPEDIENTES** pode ser representativa dabondo para extrapolar os resultados, polo que con estes parámetros aplicados á fórmula do cálculo estatístico do número aleatorio, obtense que este será o 4 (CATRO) (achégase ao expediente o documento obtido da folla de excel do cálculo de dito número aleatorio).

Ano	Universo non lucrativas	Defectuosos ano anterior	Mostra	Intervalo (universo/mostra)	Nº aleatorio
2022	14	1 (segundo expdes. rematados a esta data)	3	5	4

Xa que logo, a mostra estará integrada polos expedientes correspondentes ao pagamento número 4 do listado anexo (**ASOCIACIÓN DE CONCELLOS DO CAMIÑO DE FISTERRA E MUXIA**), o pagamento número 9 (**ATLETICO DE PEREIRIÑA CLUB DE FUTBOL**) e o número 14 (**SOLIDARIEDADE GALEGA CO POBO SAHARAU**)



4.- RESULTADOS.

De cada expediente de control financeiro emitírase un informe co carácter de provisional, a non ser que o informe sexa de plena conformidade, pois en tal caso prescindirase deste trámite por resultar innecesario. O informe provisional emitido será posto de manifesto ao terceiro interesado (entidade beneficiaria da subvención) así como ao servizo que xestionou a concesión e proposta de pagamento da subvención do Concello de Cee, concedéndose un prazo de quince días hábiles para presentar as alegacións que estimen oportunas. A vista das alegacións, emitírase un informe definitivo, que será remitido ao terceiro interesado e igualmente que no caso do informe provisional, ao servizo xestor do expediente do Concello de Cee.

Seguindo as Normas de auditoría do Sector Público aprobadas pola Intervención xeral do Estado e as disposicións contidas da Ordenanza xeral de subvencións e transferencias desta Deputación, os informes exporán de forma clara, obxectiva e ponderada, os feitos comprobados, os fundamentos da opinión e das conclusións obtidas e, no seu caso, as recomendacións ou actuacións correctoras necesarias, podendo derivarse dos mesmos a incoación de expedientes de reintegro e sancionador, cando se observe a comisión de accións tipificadas como infracción administrativa.

Cando sexa unha persoa xurídica a beneficiaria da subvención, indicárase no informe a persoa física que exercía as funcións de administración ou representación legal no momento de presentarse a solicitude de subvención e tamén que asinou a conta xustificativa, para o caso de que fora necesario que nos posteriores procedementos de recadación dos reintegros e das sancións fora necesario derivar responsabilidade solidaria ou subsidiaria contra estas persoas, nos termos previstos na Lei 28/2003, Xeral de Subvencións e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.



**Deputación
DA CORUÑA**

INTERVENCIÓN XERAL E XESTIÓN ECONÓMICO FINANCEIRA
SERVIZO DE FISCALIZACIÓN E CONTROL FINANCEIRO
SECCIÓN DE CONTROL FINANCEIRO
NEGOCIADO DE CONTROL FINANCEIRO E AUDITORÍA DE GASTOS

No caso de apreciarse feitos que puideran dar lugar a responsabilidade penal, serán remitidos á Fiscalía Provincial de A Coruña; para o caso de que puidera existir a comisión dunha infracción das previstas na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, daráselle traslado ao órgano competente, sen prexuízo de poñer os feitos en coñecemento do Tribunal de Contas, por si procedese a incoación dun procedemento de responsabilidade contable.

O interventor adxunto,
Juan Bautista Suárez Ramos.

O interventor xeral,
José Manuel Pardellas Rivera.



**Deputación
DA CORUÑA**

INTERVENCIÓN XERAL E XESTIÓN ECONÓMICO FINANCEIRA
SERVIZO DE FISCALIZACIÓN E CONTROL FINANCEIRO
SECCIÓN DE CONTROL FINANCEIRO
NEGOCIADO DE CONTROL FINANCEIRO E AUDITORÍA DE GASTOS

**ANEXO.- RELACIÓN DE SUBVENCIONS PAGADAS POLO CONCELLO DE CEE
NO EXERCICIO 2022 (ORDENADAS POR IMPORTE DESCENDENTE)**

Nº Operación	FASE	DATA	Aplicación	Importe	Terceiro	Denominación social
220220002 641	R	26/05/2022	2022 330 48901	20000	G67767681	ASOCIACION AMIGOS DA XUNQUEIRA
220220002 199	R	02/05/2022	2022 330 48901	18000	G15290828	FUNDACION FERNANDO BLANCO
220220008 164	R	21/12/2022	2022 340 48900	6000	G15151970	UNION CLUB CEE
220220008 114	R	14/12/2022	2022 920 48000	5000	G05279500	ASOCIACION DE CONCELLOS DO CAMIÑO DE FISTERRA E MUXIA
220220005 989	R	28/10/2022	2022 340 48900	4000	G70119540	ASOC. COMARCAL DE BALONCESTO COSTA DA MORTE
220220004 568	R	10/08/2022	2022 340 48900	2500	G70343496	ASOCIACION DEPORTIVA OLIMPIA
220220006 465	R	14/11/2022	2022 340 48900	2200	G70384441	F.S.F. VILLA DE CEE
220220007 069	R	01/12/2022	2022 340 48900	2200	G70336292	S.D. AMEIXENDA
220220006 534	R	14/11/2022	2022 340 48900	1500	G70111729	ATLETICO DE PEREIRIÑA CLUB DE FUTBOL
220220008 165	R	21/12/2022	2022 340 48900	1500	G70209341	CLUB CEE DEPORTES DE CONTACTO
220220002 989	R	07/06/2022	2022 340 48900	1200	G70231881	CLUB ARTE E MOVEMENTO
220220008 168	R	21/12/2022	2022 231 48900	3000	R1500053B	CARITAS UNIDADE PASTORAL DE CEE
220220008 169	R	21/12/2022	2022 231 48900	3000	G15881667	ANPA UXIO
220220008 667	R	29/12/2022	2022 231 48900	1780	G15924558	SOLIDARIEDADE GALEGA CO POBO SAHARAUI



EXPTE. 2024000033547

**PLAN DE CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN PARA O EXERCICIO 2024,
REFERIDO ÁS SUBVENCIÓNS PAGADAS NO EXERCICIO 2022 POLO
CONCELLO DE DODRO.**

1.- INTRODUCCIÓN

Con data de 12 de maio de 2017 publicouse no Boletín Oficial do Estado (número 113) o Real decreto 424/2017, polo que se regula o réxime xurídico do control interno do Sector público local. Esta importante norma regulamentaria vén a desenvolver os artigos 213 e seguintes do Texto refundido da Lei reguladora das Facendas locais (R.D. legislativo 2/2005, de 5 de marzo), logo de que parte deste articulado fora obxecto de significativas modificacións aprobadas pola Lei 27/2013, de racionalización e sostibilidade da Administración local, coa finalidade de acadar un control económico-orzamentario máis rigoroso, e como di a súa Exposición de motivos, asegurar a xestión regular dos fondos públicos, o emprego eficiente dos mesmos e a sostibilidade financeira das entidades locais.

O control interno é unha función reservada ao órgano interventor da Corporación, encabezado xerarquicamente polo Interventor xeral e, baixo os principios de autonomía funcional e exercicio desconcentrado, integrado polo viceinterventor, interventores adxuntos e demais persoal funcionario adscrito á Intervención, coas delegacións e distribución de tarefas e cometidos que en cada momento fixe o propio Interventor xeral, que deberán ser executadas baixo a responsabilidade directa e inmediata do superior xerárquico dos correspondentes negociados, seccións e servizos.



Para o cumprimento da súa función, tal como dispón o artigo 4.3 do Regulamento, o órgano interventor ha de dispor dun modelo de control eficaz, habilitándolle para tal fin os medios necesarios e suficientes. Este modelo deberá controlar inicialmente, polo menos, o oitenta por cento do orzamento xeral consolidado e, no transcurso de tres exercicios consecutivos, o cen por cento de dito orzamento. Para acadar este obxectivo, o órgano interventor actuará mediante a función interventora, isto é, o control de legalidade previo a cada acto e acordo, e o control financeiro posterior, coa finalidade de verificar o funcionamento de cada servizo público para comprobar o cumprimento da normativa de aplicación e se, en síntese, se cumpre co principio de boa xestión financeira, que ademais de verificar a legalidade da actuación, analiza a eficacia, a eficiencia, a economía, a calidade e a transparencia, así coma o cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira.

2.- DELEGACIÓN DO CONCELLO DE DODRO NA DEPUTACIÓN

2.1. O 6 de xullo do 2020 foron publicadas no BOP da Coruña núm. 101 as “Bases para a prestación de servizos de control financeiro aos concellos de ata 10.000 habitantes”. Tal como se explica no fundamento do acordo adoptado, debido a escaseza de persoal adscrito aos órganos interventores municipais, a Intervención da Deputación, no exercicio das funcións de asistencia económica a municipios, decidiu ampliar esta oferta de cooperación para os concellos situados na banda entre 5.000 e 10.000 habitantes, entendendo que, xuntamente cos de menos de 5.000 habitantes, son os que contan cunha estrutura organizativa da Intervención municipal moi reducida.

Conforme á base terceira, que recolle o contido e alcance da delegación: “Os concellos poden delegar as seguintes funcións:

- a) O exercicio das funcións de **control financeiro sobre as subvencións pagadas nun exercicio determinado ou de todos os exercicios pechados, sempre que as**



obrigas dos beneficiarios non estean prescritas.

- b) A instrución e resolución dos **expedientes de reintegro e sancionadores derivados** dos informes de control financeiro que se emitan en virtude da delegación anterior, así como a liquidación e recadación, tanto en período voluntario coma en executivo, dos ingresos de dereito público resultantes.*

2.2 O Pleno da Corporación da Deputación Provincial da Coruña na sesión ordinaria celebrada o 23 de xuño de 2022, adoptou o seguinte acordo: “27. Aprobación da aceptación da delegación de competencias na Deputación Provincial da Coruña para prestarlle servizos de control financeiro ao Concello de Dodro.

PRIMEIRO: Aceptar a delegación relativa ao exercicio das funcións de control financeiro sobre as subvencións pagadas polo Concello de Dodro.

SEGUNDO: Aceptar a delegación da instrución e resolución dos expedientes de reintegro e sancionadores derivados dos informes de control financeiro que se emitan en virtude da delegación anterior, así como a liquidación e recadación, tanto en período voluntario coma en executivo dos ingresos de dereito público resultantes. Para este efecto, resultarán tamén de aplicación a esta delegación as Bases para a Prestación de Servizos Tributarios aos Concellos da Provincia.

TERCEIRO: Aceptar a delegación relativa á emisión de informes de control financeiro, na modalidade de control permanente, sobre os servizos públicos municipais xestionados indirectamente mediante concesión administrativa.

3- A delegación de competencia entrou en vigor despois da publicación do acordo definitivo no BOP o 02/08/2022.



3.- PLAN PARA O EXERCICIO DE CONTROL FINANCEIRO DAS SUBVENCÍONS PAGADAS POLO CONCELLO DE DODRO NO EXERCICIO DE 2022.

O control financeiro de subvencións adquire unha importancia significativa, ao ser unha tarefa que a Intervención provincial xa vén realizando dende o ano 2006, amosando nos resultados de cada ano a loita eficaz que se está a realizar contra o fraude, non só no que atinxe á aplicación concreta das subvencións, senón estendendo o seu efecto aos ámbitos tributarios, laborais e contábeis.

3.1. Concreción do plan: Universo e criterios de escolla da mostra.

Posto que na Deputación procede este ano 2024 executar o control sobre as subvencións pagadas en 2022, seguindo o mesmo criterio, tamén se vai a realizar o control financeiro das subvencións pagadas polo Concello de Dodro nese mesmo exercicio

Para a determinación dos criterios de escolla da mostra representativa, na Deputación estase a separar as subvencións pagadas a entidades non lucrativas e a lucrativas, pero no citado Concello non se pagaron subvencións a entidades lucrativas, polo que só se aplicará o control financeiro sobre as non lucrativas no citados exercicio.

O Plan executarase sobre as subvencións correntes (non se pagaron subvencións de capital) pagadas no exercicios 2022 polo concello de Dodro a entidades privadas sen ánimo de lucro, segundo as listaxes que se incorporan como Anexo a este informe .



O universo das subvencións pagadas polo Concello de Dodro en 2022, unha vez eliminadas as axudas de emerxencia social, os premios, o comedor escolar e as que non superan os 600 euros, é o seguinte:

Ano	Entidades non lucrativas
2022	4

Segundo o cálculo estatístico do número aleatorio e considerando o tamaño da mostra, a través dunha folla excel, seleccionáronse os expedientes obxecto de control:

Ano	Universo	Defectuosos ano anterior	Mostra	Intervalo (universo/mostra)	Nº aleatorio
2022	4	1	1	4	4

4.- RESULTADOS.

De cada expediente de control financeiro emitírase un informe co carácter de provisional, a non ser que o informe sexa de plena conformidade, pois en tal caso prescindírase deste trámite por resultar innecesario. O informe provisional emitido será posto de manifesto ao terceiro interesado (entidade beneficiaria da subvención) así como ao servizo que xestionou a concesión e proposta de pagamento da subvención do Concello de Dodro, concedéndose un prazo de quince días hábiles para presentar as alegacións que estimen oportunas. A vista das alegacións, emitírase un informe definitivo, que será remitido ao terceiro interesado e igualmente que no caso do informe provisional, ao servizo xestor do expediente do Concello de Dodro.



Seguindo as Normas de auditoría do Sector Público aprobadas pola Intervención xeral do Estado e as disposicións contidas da Ordenanza xeral de subvencións e transferencias desta Deputación, os informes exporán de forma clara, obxectiva e ponderada, os feitos comprobados, os fundamentos da opinión e das conclusións obtidas e, no seu caso, as recomendacións ou actuacións correctoras necesarias, podendo derivarse dos mesmos a incoación de expedientes de reintegro e sancionador, cando se observe a comisión de accións tipificadas como infracción administrativa.

Cando sexa unha persoa xurídica a beneficiaria da subvención, indicarse no informe a persoa física que exercía as funcións de administración ou representación legal no momento de presentarse a solicitude de subvención e tamén que asinou a conta xustificativa, para o caso de que fora necesario que nos posteriores procedementos de recadación dos reintegros e das sancións fora necesario derivar responsabilidade solidaria ou subsidiaria contra estas persoas, nos termos previstos na Lei 28/2003, Xeral de Subvencións e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.

No caso de apreciarse feitos que puideran dar lugar a responsabilidade penal, serán remitidos á Fiscalía Provincial de A Coruña; para o caso de que puidera existir a comisión dunha infracción das previstas na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, daráselle traslado ao órgano competente, sen prexuízo de poñer os feitos en coñecemento do Tribunal de Contas, por si procedese a incoación dun procedemento de responsabilidade contable.

O interventor adxunto,

Juan Bautista Suárez Ramos.

O interventor xeral,

José Manuel Pardellas Rivera.



Deputación DA CORUÑA

INTERVENCIÓN XERAL E XESTIÓN ECONÓMICO FINANCEIRA
SERVIZO DE FISCALIZACIÓN E CONTROL FINANCEIRO
SECCIÓN DE CONTROL FINANCEIRO
NEGOCIADO DE CONTROL FINANCEIRO E AUDITORÍA DE GASTOS

ANEXO- UNIVERSO E MOSTRA SELECCIONADA

CONCELLO DODRO 2022					
Fase	Fecha	Importe	Tercero	Nombre Ter.	Texto Libre
R	07/11/2022	3.000,00	G15789266	C.D. DODRO	SUBVENCION ACTIVIDADE DEPORTIVA EXERCICIO 2022 (50% ANTICIPO PREPAGABLE)
R	07/11/2022	2.000,00	***3519**	UXIO ABUIN ARES	SUBVENCION DEPORTES ANO 2022, CON CARACTER DE PAGO ANTICIPADO A XUSTIFICAR (50%).
R		1.000,00	Q1500306D	COLEGIO RURAL AGRUPADO DE DODRO ASOCIACIÓN ULTREYA CICLISTAS EN ACCIÓN	SUBVENCION ACTIVIDADES EDUCATIVAS E FORMATIVAS EXERCICIO 2022
R	23/11/2022	1.000,00	G02964310		SUBVENCIÓN NOMINATIVA 2022 (50% ANTICIPO PREPAGABLE)

Resultou seleccionado o número aleatorio 4, polo que a única mostra a realizar é a resaltada no cadro anterior (Asociación Ultreya Ciclistas en acción)



EXPTE. 2024000033547

**PLAN DE CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN PARA O EXERCICIO 2024,
REFERIDO ÁS SUBVENCIÓNS PAGADAS NO EXERCICIO 2022 POLO
CONCELLO DE MUXÍA.**

1.- INTRODUCCIÓN

Con data de 12 de maio de 2017 publicouse no Boletín Oficial do Estado (número 113) o Real decreto 424/2017, polo que se regula o réxime xurídico do control interno do Sector público local. Esta importante norma regulamentaria vén a desenvolver os artigos 213 e seguintes do Texto refundido da Lei reguladora das Facendas locais (R.D. lexislativo 2/2005, de 5 de marzo), logo de que parte deste articulado fora obxecto de significativas modificacións aprobadas pola Lei 27/2013, de racionalización e sostibilidade da Administración local, coa finalidade de acadar un control económico-orzamentario máis rigoroso, e como di a súa Exposición de motivos, asegurar a xestión regular dos fondos públicos, o emprego eficiente dos mesmos e a sostibilidade financeira das entidades locais.

O control interno é unha función reservada ao órgano interventor da Corporación, encabezado xerarquicamente polo Interventor xeral e, baixo os principios de autonomía funcional e exercicio desconcentrado, integrado polo viceinterventor, interventores adxuntos e demais persoal funcionario adscrito á Intervención, coas delegacións e distribución de tarefas e cometidos que en cada momento fixe o propio Interventor xeral, que deberán ser executadas baixo a responsabilidade directa e inmediata do superior xerárquico dos correspondentes negociados, seccións e servizos.



Para o cumprimento da súa función, tal como dispón o artigo 4.3 do Regulamento, o órgano interventor ha de dispor dun modelo de control eficaz, habilitándolle para tal fin os medios necesarios e suficientes. Este modelo deberá controlar inicialmente, polo menos, o oitenta por cento do orzamento xeral consolidado e, no transcurso de tres exercicios consecutivos, o cen por cento de dito orzamento. Para acadar este obxectivo, o órgano interventor actuará mediante a función interventora, isto é, o control de legalidade previo a cada acto e acordo, e o control financeiro posterior, coa finalidade de verificar o funcionamento de cada servizo público para comprobar o cumprimento da normativa de aplicación e se, en síntese, se cumpre co principio de boa xestión financeira, que ademais de verificar a legalidade da actuación, analiza a eficacia, a eficiencia, a economía, a calidade e a transparencia, así coma o cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira.

2.- DELEGACIÓN DO CONTROL FINANCEIRO DE SUBVENCÍONS DO CONCELLO DE MUXÍA A PROL DA DEPUTACIÓN.

2.1. As Bases para a delegación.

O 6 de xullo do 2020 foron publicadas no BOP da Coruña núm. 101 as “Bases para a prestación de servizos de control financeiro aos concellos de ata 10.000 habitantes”. Tal como se explica no fundamento do acordo adoptado, debido a escaseza de persoal adscrito aos órganos interventores municipais, a Intervención da Deputación, no exercicio das funcións de asistencia económica a municipios, decidiu ampliar esta oferta de cooperación para os concellos situados na banda entre 5.000 e 10.000 habitantes, entendendo que, xuntamente cos de menos de 5.000 habitantes, son os que contan cunha estrutura organizativa da Intervención municipal moi reducida.



Conforme á base terceira, que recolle o contido e alcance da delegación: “Os concellos poden delegar as seguintes funcións:

- a) O exercicio das funcións de **control financeiro sobre as subvencións pagadas nun exercicio determinado ou de todos os exercicios pechados, sempre que as obrigas dos beneficiarios non estean prescritas.**
- b) A instrución e resolución dos **expedientes de reintegro e sancionadores derivados** dos informes de control financeiro que se emitan en virtude da delegación anterior, así como a liquidación e recadación, tanto en período voluntario coma en executivo, dos ingresos de dereito público resultantes.

2.2. A aceptación da delegación acordada polo Concello de Muxía.

O Pleno da Corporación da Deputación Provincial da Coruña, na sesión ordinaria celebrada o día 1 de marzo de 2024, adoptou o seguinte acordo:

“30. Aprobación da aceptación da delegación de competencias na Deputación Provincial da Coruña para prestarlle servizos de control financeiro ao Concello de Muxía.

PRIMEIRO: Aceptar a delegación relativa ao exercicio das funcións de control financeiro sobre as subvencións pagadas polo Concello de Muxía

SEGUNDO: Aceptar a delegación da instrución e resolución dos expedientes de reintegro e sancionadores derivados dos informes de control financeiro que se emitan en virtude da delegación anterior, así como a liquidación e recadación, tanto en período voluntario coma en executivo dos ingresos de dereito público resultantes. Para este efecto, resultarán tamén de aplicación a esta delegación as Bases para a Prestación de Servizos Tributarios aos Concellos da Provincia.



A delegación de competencia entrou en vigor despois da publicación do acordo definitivo no BOP número 54, do 15 de marzo de 2024.

3.- PLAN PARA O EXERCICIO DE CONTROL FINANCEIRO DAS SUBVENCÍONS PAGADAS POLO CONCELLO DE MUXÍA NO EXERCICIO DE 2022.

3.1. Concreción do plan: Universo e criterios de escolla da mostra.

Posto que na Deputación procede este ano 2024 executar o control sobre as subvencións pagadas en 2022, seguindo o mesmo criterio, tamén se vai a realizar o control financeiro das subvencións pagadas polo Concello de Muxía nese mesmo exercicio

Para a determinación dos criterios de escolla da mostra representativa, na Deputación estase a separar as subvencións pagadas a entidades non lucrativas e a lucrativas, mais no citado Concello de Muxía non se pagaron subvencións a entidades lucrativas, polo que só se aplicará o control financeiro sobre as non lucrativas no devandito exercicio.

O Plan executarase sobre as subvencións correntes (non se pagaron subvencións de capital) pagadas no exercicios 2022 polo concello de Muxía a entidades privadas sen ánimo de lucro, segundo a listaxe que se incorporan como Anexo a este informe



O universo das subvencións pagadas polo Concello de Muxía a entidades sen ánimo de lucro (concepto 480), unha vez eliminadas as axudas de emerxencia social e outras que non superan os 600 euros, é o que se achega no Anexo

Ano	Entidades non lucrativas
2022	4

Segundo o cálculo estatístico do número aleatorio e considerando o tamaño da mostra, a través dunha folla excel, seleccionáronse os expedientes obxecto de control, de acordo cos seguintes parámetros:

Ano	Universo	Defectuosos ano anterior	Mostra	Intervalo (universo/mostra)	Nº aleatorio
2022	4	Non hai datos	1	4	1

4.- RESULTADOS.

De cada expediente de control financeiro emitírase un informe co carácter de provisional, a non ser que o informe sexa de plena conformidade, pois en tal caso prescindirase deste trámite por resultar innecesario. O informe provisional emitido será posto de manifesto ao terceiro interesado (entidade beneficiaria da subvención) así como ao servizo que xestionou a concesión e proposta de pagamento da subvención do Concello de Muxía, concedéndose un prazo de quince días hábiles para presentar as alegacións que estimen oportunas. A vista das alegacións, emitírase un informe definitivo, que será remitido ao terceiro interesado e igualmente que no caso do informe provisional, ao servizo xestor do expediente do Concello de Muxía.



Seguindo as Normas de auditoría do Sector Público aprobadas pola Intervención xeral do Estado e as disposicións contidas da Ordenanza xeral de subvencións e transferencias desta Deputación, os informes exporán de forma clara, obxectiva e ponderada, os feitos comprobados, os fundamentos da opinión e das conclusións obtidas e, no seu caso, as recomendacións ou actuacións correctoras necesarias, podendo derivarse dos mesmos a incoación de expedientes de reintegro e sancionador, cando se observe a comisión de accións tipificadas como infracción administrativa.

Cando sexa unha persoa xurídica a beneficiaria da subvención, indicarse no informe a persoa física que exercía as funcións de administración ou representación legal no momento de presentarse a solicitude de subvención e tamén que asinou a conta xustificativa, para o caso de que fora necesario que nos posteriores procedementos de recadación dos reintegros e das sancións fora necesario derivar responsabilidade solidaria ou subsidiaria contra estas persoas, nos termos previstos na Lei 28/2003, Xeral de Subvencións e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.

No caso de apreciarse feitos que puideran dar lugar a responsabilidade penal, serán remitidos á Fiscalía Provincial de A Coruña; para o caso de que puidera existir a comisión dunha infracción das previstas na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, daráselle traslado ao órgano competente, sen prexuízo de poñer os feitos en coñecemento do Tribunal de Contas, por si procedese a incoación dun procedemento de responsabilidade contable.

O interventor adxunto,

Juan Bautista Suárez Ramos.

O interventor xeral,

José Manuel Pardellas Rivera.



ANEXO- UNIVERSO E MOSTRA SELECCIONADA

f	DAT	EX APLICACIÓN	IMPORTE	TERCEIRO	NOME
R	25/11/2022	2022 338 48903	56000	G15972359	ASOC. CULTURAL FESTAS DO MAR-MUXIA
R	01/12/2022	2022 341 48903	24500	G15110547	CLUB DE FUTBOL MUXIA
R	29/12/2022	2022 341 48903	10500	G15110547	CLUB DE FUTBOL MUXIA
R	01/08/2022	2022 334 48903	1000	G15363310	ASOCIACION DE PALILLEIRAS NOSA SRA. DA BARCA
R	23/06/2022	2022 323 48903	960	G15677438	A.N.P.A. O ENFESTO CEIP VIRXE DA BARCA

Segundo o número aleatorio calculado (1), queda seleccionada a **Asociación Cultural Festas do Mar de Muxía (G15972359)**, pola subvención concedida por un importe total de 80.000 euros. (1ºpagamento de 56.000 euros e segundo pagamento, polo importe de 19.629,26 euros, realizado o 14 de xuño de 2023.)



EXPTE. 2024000033547

**PLAN DE CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN PARA O EXERCICIO 2024,
REFERIDO ÁS SUBVENCIÓNS PAGADAS NO EXERCICIO 2022 POLO
CONCELLO DE PORTO DO SON.**

1.- INTRODUCCIÓN

Con data de 12 de maio de 2017 publicouse no Boletín Oficial do Estado (número 113) o Real decreto 424/2017, polo que se regula o réxime xurídico do control interno do Sector público local. Esta importante norma regulamentaria vén a desenvolver os artigos 213 e seguintes do Texto refundido da Lei reguladora das Facendas locais (R.D. lexislativo 2/2005, de 5 de marzo), logo de que parte deste articulado fora obxecto de significativas modificacións aprobadas pola Lei 27/2013, de racionalización e sostibilidade da Administración local, coa finalidade de acadar un control económico-orzamentario máis rigoroso, e como di a súa Exposición de motivos, asegurar a xestión regular dos fondos públicos, o emprego eficiente dos mesmos e a sostibilidade financeira das entidades locais.

O control interno é unha función reservada ao órgano interventor da Corporación, encabezado xerarquicamente polo Interventor xeral e, baixo os principios de autonomía funcional e exercicio desconcentrado, integrado polo viceinterventor, interventores adxuntos e demais persoal funcionario adscrito á Intervención, coas delegacións e distribución de tarefas e cometidos que en cada momento fixe o propio Interventor xeral, que deberán ser executadas baixo a responsabilidade directa e inmediata do superior xerárquico dos correspondentes negociados, seccións e servizos.



Para o cumprimento da súa función, tal como dispón o artigo 4.3 do Regulamento, o órgano interventor ha de dispor dun modelo de control eficaz, habilitándolle para tal fin os medios necesarios e suficientes. Este modelo deberá controlar inicialmente, polo menos, o oitenta por cento do orzamento xeral consolidado e, no transcurso de tres exercicios consecutivos, o cen por cento de dito orzamento. Para acadar este obxectivo, o órgano interventor actuará mediante a función interventora, isto é, o control de legalidade previo a cada acto e acordo, e o control financeiro posterior, coa finalidade de verificar o funcionamento de cada servizo público para comprobar o cumprimento da normativa de aplicación e se, en síntese, se cumpre co principio de boa xestión financeira, que ademais de verificar a legalidade da actuación, analiza a eficacia, a eficiencia, a economía, a calidade e a transparencia, así coma o cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira.

2.- DELEGACIÓN DO CONTROL FINANCEIRO DE SUBVENCÍONS DO CONCELLO DE PORTO DO SON A PROL DA DEPUTACIÓN.

2.1. As Bases para a delegación.

O 6 de xullo do 2020 foron publicadas no BOP da Coruña núm. 101 as “**Bases para a prestación de servizos de control financeiro aos concellos de ata 10.000 habitantes**”. Tal como se explica no fundamento do acordo adoptado, debido a escaseza de persoal adscrito aos órganos interventores municipais, a Intervención da Deputación, no exercicio das funcións de asistencia económica a municipios, decidiu ampliar esta oferta de cooperación para os concellos situados na banda entre 5.000 e 10.000 habitantes, entendendo que, xuntamente cos de menos de 5.000 habitantes, son os que contan cunha estrutura organizativa da Intervención municipal moi reducida.



Conforme á base terceira, que recolle o contido e alcance da delegación: “Os concellos poden delegar as seguintes funcións:

- a) O exercicio das funcións de **control financeiro sobre as subvencións** pagadas nun exercicio determinado ou de todos os exercicios pechados, sempre que as obrigas dos beneficiarios non estean prescritas.
- b) A instrución e resolución dos **expedientes de reintegro e sancionadores derivados** dos informes de control financeiro que se emitan en virtude da delegación anterior, así como a liquidación e recadación, tanto en período voluntario coma en executivo, dos ingresos de dereito público resultantes.

2.2. Acordo de delegación adoptado polo Concello de Porto do Son e aceptación da delegación acordada polo Pleno da Deputación.

Acolléndose ás bases referenciadas no apartado anterior, o Pleno da Corporación do Concello de Porto do Son, na sesión que tivo lugar o 9 de marzo de 2023, adoptou o acordo de delegación, coa maioría reforzada que esixe o artigo 47.2, letra h) da Lei 7/85. O acordo está circunscrito á materia de control financeiro de subvencións, así como os procedementos de reintegro e sancionadores que se poidan derivar do mesmo.

O devandito acordo foi exposto ao público, mediante anuncio publicado no BOP o 27 de marzo de 2023, sen que se tivera constancia de reclamación ningunha no período de exposición ao público.

Remitido o correspondente certificado á Deputación, logo de tramitarse o correspondente expediente e incorporar os preceptivos informes, o Pleno da Corporación, na sesión que tivo lugar o día 2 de febreiro de 2024, aceptou a



delegación conferida, nos termos previstos nas Bases de delegación. Dito acordo publicado para xeral coñecemento no BOP do 15 de marzo de 2024, producindo efectos a partir do día seguinte da súa publicación.

3.- PLAN PARA O EXERCICIO DE CONTROL FINANCEIRO DAS SUBVENCÍONS PAGADAS POLO CONCELLO DE PORTO DO SON NO EXERCICIO DE 2022.

3.1. Concreción do plan: Universo e criterios de escolla da mostra.

Posto que na Deputación procede este ano 2024 executar o control sobre as subvencións pagadas en 2022, seguindo o mesmo criterio, tamén se vai a realizar o control financeiro das subvencións pagadas polo Concello de Porto do Son nese mesmo exercicio

Para a determinación dos criterios de escolla da mostra representativa, na Deputación estase a separar as subvencións pagadas a entidades non lucrativas e a lucrativas, mais no citado Concello de Porto do Son as subvencións que se pagaron con cargo ao concepto 472 teñen o carácter de contraprestacións para cubrir o déficit de explotación dun servizo e, xa que logo, non entran dentro do concepto legal de subvención do artigo 2 da Lei 38/2003 (achega dineraria sen contraprestación directa do beneficiario). fundamento polo que quedan excluídas do universo para obter a mostra de expedientes que se someterán a control financeiro.

Xa que logo, o universo das subvencións pagadas polo Concello de Porto do Son a entidades sen ánimo de lucro (concepto 480), unha vez eliminadas as



axudas de emerxencia social e outras que non superan os 600 euros, é o que se achega no Anexo

Exercicio	Entidades non lucrativas beneficiarias (Nº de expedientes).
2022	15

Segundo o cálculo estatístico do número aleatorio e considerando que pode ser suficientemente representativo un tamaño inicial da mostra de tres expedientes (20 por cento do universo), a través dunha folla excel seleccionáronse os expedientes obxecto de control, de acordo cos seguintes parámetros:

Ano	Universo	Defectuosos ano anterior	Mostra	Intervalo (universo/mostra)	Nº aleatorio
2022	15	Non hai datos	3	5	2

4.- RESULTADOS.

De cada expediente de control financeiro emitírase un informe co carácter de provisional, a non ser que o informe sexa de plena conformidade, pois en tal caso prescindirase deste trámite por resultar innecesario. O informe provisional emitido será posto de manifesto ao terceiro interesado (entidade beneficiaria da subvención) así como ao servizo que xestionou a concesión e proposta de pagamento da subvención do Concello de Porto do Son, concedéndose un prazo de quince días hábiles para presentar as alegacións que estimen oportunas. A vista das alegacións, emitírase un informe definitivo, que será remitido ao terceiro interesado e igualmente que no caso do informe provisional, ao servizo xestor do expediente do Concello de Porto do Son.



Seguindo as Normas de auditoría do Sector Público aprobadas pola Intervención xeral do Estado e as disposicións contidas da Ordenanza xeral de subvencións e transferencias desta Deputación, os informes exporán de forma clara, obxectiva e ponderada, os feitos comprobados, os fundamentos da opinión e das conclusións obtidas e, no seu caso, as recomendacións ou actuacións correctoras necesarias, podendo derivarse dos mesmos a incoación de expedientes de reintegro e sancionador, cando se observe a comisión de accións tipificadas como infracción administrativa.

Cando sexa unha persoa xurídica a beneficiaria da subvención, indicarse no informe a persoa física que exercía as funcións de administración ou representación legal no momento de presentarse a solicitude de subvención e tamén que asinou a conta xustificativa, para o caso de que fora necesario que nos posteriores procedementos de recadación dos reintegros e das sancións fora necesario derivar responsabilidade solidaria ou subsidiaria contra estas persoas, nos termos previstos na Lei 28/2003, Xeral de Subvencións e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.

No caso de apreciarse feitos que puideran dar lugar a responsabilidade penal, serán remitidos á Fiscalía Provincial de A Coruña; para o caso de que puidera existir a comisión dunha infracción das previstas na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, daráselle traslado ao órgano competente, sen prexuízo de poñer os feitos en coñecemento do Tribunal de Contas, por si procedese a incoación dun procedemento de responsabilidade contable.

O interventor adxunto,

Juan Bautista Suárez Ramos.

O interventor xeral,

José Manuel Pardellas Rivera.



Deputación DA CORUÑA

INTERVENCIÓN XERAL E XESTIÓN ECONÓMICO FINANCEIRA
SERVIZO DE FISCALIZACIÓN E CONTROL FINANCEIRO
SECCIÓN DE CONTROL FINANCEIRO
NEGOCIADO DE CONTROL FINANCEIRO E AUDITORÍA DE GASTOS

ANEXO- UNIVERSO (PAGOS ORDENADOS DE MAIOR A MENOR IMPORTE) E MOSTRA SELECCIONADA

Fase	Fecha	Aplicación	Importe	Tercero	Nombre Ter.
R	24/11/2022	2022 338 48000	5000	G15034887	CONFRARIA DE PESCADORES "SAN ANDRES" PORTOSIN
R	16/12/2022	2022 341 48001	3500	G15055486	REAL CLUB NAUTICO PORTOSIN
R	24/11/2022	2022 338 48000	3000	G15034887	CONFRARIA DE PESCADORES "SAN ANDRES" PORTOSIN
R	30/12/2022	2022 341 48001	2500	G70309455	ASOCIACION DEPORTIVA E CULTURAL ARNELA
R	24/11/2022	2022 341 48001	2000	G15143662	ESCUDERIA BERBERECHO
R	11/11/2022	2022 338 48000	1500	G70521075	ASOCIACION CULTURAL FESTAS DA PEDRA FURADA
R	24/11/2022	2022 341 48001	1500	G70389838	CLUB DEPORTIVO INTERNACIONAL TREKKERS BARBANZA / SAR
R	30/12/2022	2022 336 48000	1500	G15597289	FUNDACION UNIVERSIDADE DA CORUÑA (FUAC)
R	30/12/2022	2022 338 48000	1500	G70561030	ASOC. COMISION DE FESTAS ALDEAS DE SAN KIETAN
R	30/12/2022	2022 338 48000	1500	G15735061	COMISION DE FESTAS DO VERAN DE QUEIRUGA
R	30/12/2022	2022 341 48001	1500	G70473160	CLUB CICLISTA SONENSE
R	24/11/2022	2022 338 48000	1300	G70615323	ASOCIACION SOCIAL E CULTURAL OUTEIRO BLANCO
R	24/11/2022	2022 341 48001	1000	G15255789	S.D. XUÑO
R	24/11/2022	2022 338 48000	1000	V15298516	COMUNIDAD DE MONTES VECINAL DE BAROÑA
R	24/11/2022	2022 338 48000	700	G70615323	ASOCIACION SOCIAL E CULTURAL OUTEIRO BLANCO

Téndose iniciado a escolla a partir do número aleatorio 2, a mostra queda integrada polos expedientes correspondetes ás seguintes entidades beneficiarias: **REAL CLUB NÁUTICO DE PORTOSÍN (G15055486), CLUB DEPORTIVO INTERNACIONAL TREKKERS BARBANZA/SAR (G70389838) E ASOCIACIÓN SOCIAL E CULTURAL OUTEIRO BLANCO (G70615323)**

Asunto: Remisión de expedientes ao obxecto da valoración do posible inicio dun expediente de control financeiro

Destino: Negociado de Control Financeiro e Auditoría

Unha vez revisados os expedientes que a continuación se indican, que pode ser consultados na plataforma telemática SUBTEL, e emitidos os correspondentes informes de fiscalización considérase que son susceptibles de ser sometidos a control financeiro:

Expediente	Tipo	Beneficiario	Motivos
2022000010918	FO203/2022	ASOCIACION CULTURAL COLECTIVO RPM	Contradicións na declaración de ingresos concorrentes. Na memoria xustificativa indican que AGADIC si subvencionou o cruceiro <u>TUATHA</u> (páx.3) e posteriormente indican que non son para o mesmo obxecto. (importe axuda 2.500 €)
2022000011307	FO104/2022	BEACH CLUB SURF & COFFEE	O secretario da entidade dispón dunha empresa con actividade similar e no mesmo centro de traballo que a sociedade polo que existe posibilidade de destinar os bens a terceiros non beneficiarios da axuda. (importe axuda 7.000 €)
2022000017961	OPAS/2022	UNIONS AGRARIAS-UPA	Posibilidade de concorrencia de ingresos para o mesmo obxecto en contra da afirmación da beneficiaria. (importe axuda 100.000 €)
2022000018305	OPAS/2022	COMISIONS LABREGAS-SINDICATO LABREGO GALEGO	Posibilidade de concorrencia de ingresos para o mesmo obxecto en contra da afirmación da beneficiaria, xa que dispón dunha axuda cun importe de 948.600 € da Xunta de Galicia para á prestación de servizos de asesoramento a persoas físicas ou xurídicas titulares de explotacións agrícolas ou gandeiras convocadas para o ano 2022-código de procedemento MR616B. (importe axuda 100.000 €).
2022000010861	FO200/2022	FUNDACION GALIZA SEMPRE	Posibilidade de intermediación nas facturas de Alberto Sánchez Regueiro en base aos controis financeiros de anos anteriores. (importe axuda 11.831,94)
2022000032129	PEL-EMPRENDE INVEST/2022	SANTIAGO JESUS MENDEZ PEREZ	Dúbdas no destino dos bens á actividade económica do solicitante
2022000031769	PEL AUTONOMOS 2022	SANTIAGO JESUS MENDEZ PEREZ	Posibilidade dunha devolución ou anulación da transferencia de "REEMBOLSO CUOTAS AUTONOMO 2022"
2022000012088	FO103C/2022	CLUB VOLEIBOL ALDEBARAN SAN SADURNIÑO	Ver o expediente DP0030/2022/14616, onde se incorpora como gasto unha factura do Clube en concepto de publicidade do Xeoparque do Cabo Ortegal por importe de 30.000,00 € que non incorporou o Clube na súa declaración de ingresos.
2022000010049	FO103C/2022	CLUBE ATLETISMO RIA DE FERROL	Discrepancias respecto aos ingresos concorrentes

Expediente	Tipo	Beneficiario	Motivos
2022000012122	FO103C/2022	CLUB ESCUDERIA SCRATCH FENE	Discrepancias respecto aos ingresos concorrentes
2022000009448	FO103C/2022	CLUB SALVAMENTO SADA	Discrepancias respecto aos ingresos concorrentes
2022000009681	FO103C/2022	CLUB DE ARQUITECTURA TECNICA	Discrepancias respecto aos ingresos concorrentes
2021000010460	FO103B/2021	ESCOLA FERROLA DE XADREZ	Discrepancias respecto aos ingresos concorrentes
2023000014407	PEL-EMPREENDE INVEST/2023	ISOWAT ENERGIA, S.L.	Posible destino dos bens a outra empresa dos mesmos socios.
2022000014616	DP0030/2022	ASOC PARA A XESTIÓN DO XEOPARQUE DO CABO ORTEGAL	Posible concorrencia entre esta subvención e a nominativa con expediente 2020000026864
2020000026864	Nominativa	ASOC PARA A XESTIÓN DO XEOPARQUE DO CABO ORTEGAL	Posible concorrencia entre esta subvención e a DP0030/2022/14616
2023000012139	PEL-EMPREENDE INVEST/2023	JAIRO IGLESIAS MARTÍNEZ	Dúbdas no destino dos bens á actividade económica do solicitante.
2023000032625	DP0041 / 2023	ADHESION MERCANTIL CORUÑESA, S.L.	Contradicións respecto aos ingresos concorrentes, xa que na declaración de ingresos declaran que Estrella Galicia lles entrega produto a cambio de facerlles publicidade e despois declaran que non teñen ingresos pola venda de bebida.
2023000019253	FOENAA/2023	ASOCIACION DE FESTEJOS POPULARES	Sospeita de que a entidade ten máis ingresos concorrentes que os que declara.
2023000019049	FOENIA/2023	ASOC. CULTURAL DA FILLOA	Investimentos sobre a mesma máquina durante varios anos.
2022000011801	FO103B/2022	NON SPORT LIMIT	A entidade declara que está exenta de IVE, pero pode comprobarse que emite facturas con IVE pois constan como gasto no expediente FO103D/2022-GALIORIENT SPORTS. Dado ambos clubs son beneficiarios de subvencións, procede o sometemento dos dous expedientes a control financeiro, para realizar unha comprobación do financiamento do conxunto das actividades subvencionadas e das relacións entre ambas as dúas entidades deportivas.

Todo isto de conformidade co disposto no artigo 30 da Ordenanza xeral de subvencións e outras transferencias da Deputación da Coruña que indica:

“Artigo 30.—As formas de inicio dos procedementos de control financeiro.

1. Con carácter xeral, o procedemento iníciase sempre de oficio, na execución do Plan de control financeiro aprobado polo órgano interventor e remitido ao Pleno da Corporación para efectos informativos. Unha vez aprobado este plan e feita a selección dos expedientes que compoñan a mostra, procederase á comunicación de inicio de actuacións en cada expediente en función da planificación do traballo e dos efectivos de persoal dos que se dispoña en cada momento.

2. Sen prexuízo da propia iniciativa do órgano interventor para realizar modificacións do Plan de control financeiro cando o estime necesario, poderán incoarse expedientes que non estean na mostra obtida en execución deste plan nos seguintes casos:

a) *Por solicitude motivada dalgún órgano dos que compoñen a Corporación.*

b) ***Por petición razoada doutros órganos, servizos ou unidades administrativas, pertenzan ou non a esta administración.***

c) *En virtude de denuncia, sempre que esta cumpra cos requisitos dispostos no artigo 62 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.*

d) *Por ampliación de actuacións a outros expedientes, logo de terse emitido un informe definitivo de desconformidade con proposta de reintegro total ou parcial.”*

M^a Dolores Velo Fuentes

A xefa do Servizo de Fiscalización e Control Financeiro

Asunto: Petición de inicio de control financeiro do beneficiario HERCULES CLUB DE GOLF

Destino: Negociado de Control Financeiro e Auditoría

Unha vez revisado o expediente número 2023000008758 do beneficiario HERCULES CLUB DE GOLF (CIF: G15559594) e de acordo co contido do informe fiscal desfavorable, e concretamente no seu punto 4.3, que se achega a continuación, solicítase iniciar o control financeiro de todos os expedientes de subvencións concedidas ao beneficiario HERCULES CLUB DE GOLF (CIF: G15559594), que pode ser consultados na plataforma telemática SUBTEL.

Todo isto de conformidade co disposto no artigo 30 da Ordenanza xeral de subvencións e outras transferencias da Deputación da Coruña que indica:

“Artigo 30.—As formas de inicio dos procedementos de control financeiro.

1. Con carácter xeral, o procedemento iníciarase sempre de oficio, na execución do Plan de control financeiro aprobado polo órgano interventor e remitido ao Pleno da Corporación para efectos informativos. Unha vez aprobado este plan e feita a selección dos expedientes que compoñan a mostra, procederase á comunicación de inicio de actuacións en cada expediente en función da planificación do traballo e dos efectivos de persoal dos que se dispoña en cada momento.

2. Sen prexuízo da propia iniciativa do órgano interventor para realizar modificacións do Plan de control financeiro cando o estime necesario, poderán incoarse expedientes que non estean na mostra obtida en execución deste plan nos seguintes casos:

- a) Por solicitude motivada dalgún órgano dos que compoñen a Corporación.*
- b) **Por petición razoada doutros órganos, servizos ou unidades administrativas, pertencen ou non a esta administración.***
- c) En virtude de denuncia, sempre que esta cumpra cos requisitos dispostos no artigo 62 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.*
- d) Por ampliación de actuacións a outros expedientes, logo de terse emitido un informe definitivo de desconformidade con proposta de reintegro total ou parcial.”*

M^a Dolores Velo Fuentes

A xefa do Servizo de Fiscalización e Control Financeiro

Asunto: informe fiscal á proposta de pago da subvención concedida por R.P. núm. 35023 de 21/09/2023 a HERCULES CLUB DE GOLF - G15559594 para ADQUISICIÓN DE UN SIMULADOR DE GOLF, por importe de 9.500,00€.

Destino: Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes

1.- ANTECEDENTES

1.1.- O 26.07.2024 recíbese unha **denuncia** relacionada co obxecto desta axuda na que se indica, en síntese:

-que o ben adquirido non é un simulador de golf, senón que é un analizador de voo da bola.

-que dito analizador de voo xa era propiedade dun dos membros da entidade solicitante e que se simulou unha venta a través dunha terceira entidade.

-que o Clube xa dispón dun simulador de golf desde o 2020, para o que obtivo subvención da Xunta de Galicia, ao que lle falta o analizador de voo da bola.

-que o analizador de voo adquirido, de segunda man, non é compatible coa instalación xa existente no Clube.

1.2.- O 10.02.2023 o Clube presentou a solicitude desta axuda na que solicita mercar 8 Buggies, igual que no ano 2022, cun orzamento de 48.800,00 € e un importe de axuda de 39.040,00 €.

Tralo requirimento de que o proxecto coincide co subvencionado no ano 2022 e é unha exclusión das bases reguladoras modifícase a solicitude.

1.3.- O 08.06.2023 o Clube modifica o obxecto da solicitude indicando a adquisición dun simulador de golf, cun orzamento de 49.500,00 € e un importe de axuda de 39.600,00 €.

2.- OBSERVACIÓNS

Da fiscalización do expediente obsérvase o seguinte:

2.1.- Obxecto da solicitude

O **obxecto** da solicitude é a adquisición dun "**simulador de golf**".

Na memoria da solicitude, que obtivo 23 puntos de 30 posibles, valorouse do "**simulador de golf**" aspectos como a necesidade e contribución real para o mellor desenvolvemento das actividades da entidade, o uso deste para as categorías inferiores, a súa vida útil ou o tempo de aproveitamento e a posibilidade de utilización por entidades distintas da solicitante. Ditos puntos foron esenciais na cantidade concedida.

A descrición do investimento da memoria indicaba que o “*simulador de golf e un habitáculo cerrado de aproximadamente 4m x 4m x 3m, no que se instala unha pantalla sobre a que se proxecta un escenario que simula un campo de golf e sobre o que o xogador realiza de forma activa una serie de golpes que son medidos por un radar, que facilita unha información notable e precisa sobre o impacto da cara do pao na bola e sobre o voo da mesma e os seus efectos. (...)*” e que “*as partes que constitúen un simulador son as seguintes:*

- *pantalla de proxección 4m x 3m. Formato 16:9.*
- *piso e paredes alfombras con subbase de material absorbente de impactos.*
- *proxeccionador de techo de alta resolución.*
- *ordenador central para o almacenamiento de datos proporcionados polo radar.*
- *radar foresight gc3 para a obtención de datos tridimensionais e convertelos a través de software.*
- *software específico de foresight para gc3.*”

Como xustificación do uso deste investimento para o deporte base, entre outros, indicábase que o simulador “*permite crear situación de xogo virtuais en donde os nenos poden xogar outros campos distintos o seu (...)*”.

Nesta memoria da solicitude indicábase que “*a vida útil do simulador pode rondar os 10-12 anos*”.

Na xustificación desta axuda achégase a factura número S24/000062 emitida por BIG OUTLET, S.L. o 14.03.2024 por importe total de 11.785,00 € na que se inclúe o concepto “FLIGHTSCOPE Xi-WE (S/N: Xi-00572)” que se corresponde cun “**monitor de lanzamento**” e non co simulador de golf indicado na solicitude.

O **monitor de lanzamento, radar ou analizador de voo da bola** carece da capacidade de análise, de simulación da competición e da infraestrutura do simulador solicitado, ao non dispoñer do proxeccionador nin da pantalla de proxección, chan e paredes, do ordenador para o almacenamiento de datos nin do software para o análise destes, precisos para mellorar a técnica dos xogadores.

2.2.- Ben usado

Nas fotografías achegadas evidéncianse marcas de uso, do que pode deducirse que o ben adquirido podería tratarse dun ben usado, tal e como se indica na denuncia mencionada no punto 1.1.

2.3.- Valoración económica do ben

O analizador de voo da bola “FLIGHTSCOPE Xi-WE (S/N: Xi-00572)” incluído na factura número S24/000062 emitida por BIG OUTLET, S.L. o 14.03.2024 por importe total de 11.785,00 € non se atopa actualmente comercializado polo fabricante nin por entidades especializadas no sector.

Neste sentido, o ben novo comercializouse por prezos moi inferiores ao achegado na factura e no mercado de bens usados ofrécese por prezos que van desde os 1.500€ ata os 2.000€, como corroboran as imaxes que se indican a continuación.

Así mesmo, nas ditas imaxes contéplase un prezo para o ben novo de 5.000,00€ a 5.500,00€.

Ademais, consultados os prezos no mercado dun simulador de golf completo, non se corresponden cos indicados no orzamento da solicitude (49.500,00 €), xa que estes compréndense entre os 15.000,00€ e 18.000,00€, como tamén sinalase na denuncia mencionada no punto 1.1.



1650 €

Radar FLIGHTSCOPE Xi+

Como nuevo

Envío disponible

Golf

Radar Flightscope, modelo Xi+, las características están detalladas en la última foto. su precio de nuevo 5.500€. Ideal tanto para profesionales del fitter, como para jugadores amateurs que quieren entrenar sabiendo lo que están haciendo en cada golpe de bola.



1700 €

FLIGHTSCOPE Xi+

Como nuevo

Envío disponible

Golf

PVP Nuevo 5000€

2.4.- IVE gasto subvencionable

As bases reguladoras establecen que o importe de IVE non se considerará gasto subvencionable cando sexa susceptible de recuperación ou compensación pola entidade.

Durante os anos 2020, 2021 e 2022 o solicitante declaraba que estaba suxeito a regra do rateo e a porcentaxe deducible de IVE era 48,50%, polo que o 51,50% do IVE era un gasto subvencionable.

Por contra, na declaración do ano 2023 indícase que “A entidade ten a obriga de presentar a declaración do IVE” e que “A entidade está suxeita á regra do rateo e a porcentaxe deducible é CERO”, polo que imputa a totalidade do IVE como gasto subvencionable.

3.- CONSIDERACIÓNS

3.1.- Incumprimento do obxecto da solicitude

O **obxecto** da solicitude é a adquisición dun “**simulador de golf**” valorado con 23 puntos de 30 posibles no acto de concesión. Ditos puntos foron esenciais na cantidade concedida, segundo a baremación de puntos e cantidade máxima a conceder.

Na xustificación desta axuda achégase a factura número S24/000062 emitida por BIG OUTLET, S.L. o 14.03.2024 por importe total de 11.785,00 € na que se inclúe o concepto “FLIGHTSCOPE Xi-WE (S/N: Xi-00572) que se corresponde cun “**monitor de lanzamento, radar ou analizador de voo da bola**” e non co simulador de golf indicado na solicitude.

O **monitor de lanzamento, radar ou analizador de voo da bola**, como xa se indicou, carece da capacidade de análise, de simulación da competición e da infraestrutura do simulador solicitado, ao non dispoñer do proxector nin da pantalla de proxección, chan e paredes, do ordenador para o almacenamento

de datos nin do software para o análise destes, precisos para mellorar da técnica dos xogadores.

En relación co antedito, o artigo 14.1. da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións indica como obrigas do beneficiario:

a) **cumprir o obxectivo**, executar o proxecto, realizar a actividade ou adoptar o comportamento que **fundamenta a concesión das subvencións**.

b) xustificar ante o órgano concedente ou a entidade colaboradora, no seu caso, o cumprimento dos requisitos e condicións, así como a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinen a concesión ou goce da subvención. (...)

Neste mesmo sentido, o artigo 91 do Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, indica que "O beneficiario deberá cumprir todos e cada un dos obxectivos, actividades, e proxectos, adoptar os comportamentos que fundamentaron a concesión da subvención e cumprir os compromisos asumidos con motivo da mesma. (...)"

Visto o expediente completo, **non se xustifica o cumprimento do obxecto** ao non adquirir o ben indicado na solicitude e tido en conta no acto de concesión (simulador de golf), xa que o "monitor de lanzamento, radar ou analizador de voo da bola" adquirido incumpre, entre outros, a infraestrutura solicitada (pantalla, chan e paredes, proxector, ordenador para o almacenamento de datos ou o software para o tratamento e análise destes), e as prestacións que este ofrece como a capacidade de análise ou a simulación da competición nos campos virtuais para as categorías inferiores indicados na memoria da solicitude e valorados no acto de concesión.

A falta de cumprimento desta obriga é **causa de perda do dereito**, tal e como regula a Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións no seu artigo 37.1. b) e o artigo 89 do RD 887/2006, xa que se produce un **incumprimento do obxecto que fundamentou a concesión desta axuda**.

3.2.- Valoración económica do ben

Tendo en conta o indicado no punto 2.3. deste informe, o prezo do ben adquirido non parece adecuarse aos prezos do mercado, aínda tendo en consideración que non se trata do simulador solicitado.

A este respecto compre recordar o indicado na Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións:

"Artigo 32 Comprobación de subvencións.

1. O órgano concedente comprobará a adecuada xustificación da subvención, así como a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinen a concesión ou goce da subvención. (...)"

"Artigo 33 Comprobación de valores.

1. A administración poderá comprobar o valor de mercado dos gastos subvencionados empregando un ou varios dos seguintes medios:

a) Prezos de mercado.

b) Cotizacións en mercados nacionais e estranxeiros.

c) Estimación por referencia aos valores que figuren nos rexistros oficiais de carácter fiscal.

d) Ditame de peritos da administración.

e) Taxación pericial contraditoria.

f) Calquera outros medios de proba admitidos en dereito.


2. O valor comprobado pola administración servirá de base para o cálculo da subvención e notificarase, debidamente motivado e con expresión dos medios e criterios empregados, xunto coa resolución do acto que contén a liquidación da subvención.

(...)"

3.3.- Necesidade dos bens.

O artigo 31.1 da Lei 38/2003 Xeral de Subvencións establece que son gastos subvencionables aqueles que de maneira indubitada respondan á natureza da actividade subvencionada, e resulten **estritamente necesarios**.

Segundo a publicación na páxina web da entidade (<https://www.herculesgolf.com/elementor-4162/>) en febreiro do ano 2020, a entidade xa dispoñía dun simulador.



En relación con este simulador, sinalar o seguinte :

- Mediante a Resolución do 14 de novembro do 2019, da Secretaría Xeral para o Deporte da Xunta de Galicia, concedéuselle unha axuda ao interesado por importe de **13.555,98 €** para a adquisición, entre outros, dun **simulador** de golf.
- Mediante a Resolución do 16 de decembro do 2022, da Vicepresidencia segunda e consellería de presidencia, xustiza e deportes da Xunta de Galicia, concedéuselle unha axuda ao interesado por importe de **10.000,00 € para a adquisición**, entre outros, dun **simulador** de golf.

Visto o anterior, a entidade parece que xa dispoñía do equipamento que indicaba na solicitude e para a que obtivo dúas axudas da Xunta de Galicia por importe total de 23.555,98 €.

A denuncia sinalada no punto 1.1 deste informe indica que a este simulador de golf obtido no ano 2020 fállelle o analizador de voo da bola, e que o analizador achegado nesta xustificación **non é compatible coa instalación xa existente** no Clube, o que parece non cumprir coa necesidade do Clube de dotarse dun simulador de golf completo, obxecto desta solicitude.

No expediente non consta indicación do Clube de que o ben adquirido non é un simulador de golf, senón unha parte do mesmo, nin menciona a existencia anterior do simulador adquirido con financiamento da Xunta Galicia, polo que parece que se está a pretender dar unha aparencia de realidade na xustificación.

4.- CONCLUSIÓNS

4.1.- Do antedito parecen derivarse as seguintes conclusións:

- O ben adquirido non é o simulador de golf solicitado.
- O ben parece usado, e nin no expediente nin na factura se recolle tal característica.

- O prezo do ben, tanto se é usado como se fora novo, excede os prezos do mercado.
- O Clube xa conta cun simulador de golf adquirido con dúas subvencións da Xunta de Galicia, do que no se fai mención por parte do Clube.
- Na denuncia presentada indícase que o ben adquirido é un analizador de voo que non é compatible co simulador de golf co que xa conta o Clube.

4.2.- A vista do exposto, devólvese o expediente aos efectos de que se aclaren os extremos expostos e ademais, se aporte a seguinte información:

4.2.1.- Comercialización do ben polo provedor Big Outlet, S.L.

En relación coa comercialización do ben por Big Outlet, S.L. solicítase:

-Certificado emitido e asinado dixitalmente polo provedor Big Outlet, S.L., indicando, entre outros, as características técnicas do ben, marca, modelo, número de serie, prezo, ano de fabricación e que se trata dun ben novo, así como a adecuación da factura emitida co número S24/000062 de data 14.03.2024 á subministración que nela se describe.

-Garantía do fabricante de 3 anos desde a súa adquisición.

-Acordo de distribución dos bens de FlightScope con Big Outlet, S.L.

-Fotografías da placa de características do ben achegado no expediente.

-Compatibilidade do analizador de voo adquirido co simulador financiado coas subvencións da Xunta de Galicia.

4.2.2.- Xustificante bancario do pago

Deberá achegarse o xustificante que acredite o pago realizado o 17.07.2024 da factura número S24/000062 emitida por BIG OUTLET, S.L. o 14.03.2024 por importe total de 11.785 € mediante transferencia bancaria, cheque nominativo, cargo, ingreso en conta ou calquera outra modalidade de pagamento bancario, sempre que en todo caso quede identificada a entidade ordénante (perceptora da subvención), a persoa/entidade beneficiaria (provedora do ben), o concepto, o importe e a data de pago.

4.2.3.- Adecuación aos prezos do mercado

De acordo co disposto no artigo 33 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, a unidade xestora (órgano concedente) deberá realizar a oportuna comprobación dos prezos do ben no mercado.

4.2.4.- Dedución do IVE

Vistas as diferencias no importe de IVE deducible entre os anos 2020 a 2022 e o ano 2023, solicítase acreditación da AEAT da porcentaxe de IVE deducible no ano 2023.

4.3.- Tendo en conta os extremos expostos no presente informe, se dará traslado a unidade de Control Financeiro para que proceda a revisión dos expedientes das subvencións concedidas ao beneficiario HERCULES CLUB DE GOLF.

4.4.- Deuse traslado da denuncia presentada á Xunta de Galicia aos efectos do seu coñecemento en relación coas subvencións concedidas a dito beneficiario. A denuncia atópase no expediente relacionado 2024000030146.

4.5.- A unidade xestora deberá requirir directamente a entidade Big Outlet, S.L. para que confirme a corrección da emisión da factura número S24/000062 en relación co ben facturado, así como para que acredite o cobro efectivo da mesma.



EXPEDIENTE SUBTEL: 2024000033547

DILIXENCIA que se estende para facer constar o resultado do procedemento aleatorio realizado para a obtención da selección da mostra dos expedientes de control financeiro sobre todas as subvencións pagadas a entidades lucrativas e non lucrativas durante o exercicio económico 2022.

Reunidos, o día 20 de setembro ás 11:00 horas nas dependencias da Intervención, o interventor adxunto, Juan Bautista Suárez Ramos, a xefa do negociado de control financeiro en funcións, Natalia Souto Iglesias, a técnico Isabel Salorio Bejerano e a administrativa Vanesa Garabal Villar, procedeuse a realizar o procedemento aleatorio para a obtención da selección da mostra dos expedientes de control financeiro sobre todas as subvencións pagadas a entidades lucrativas e non lucrativas durante o exercicio económico 2022.

Para a selección por mostraxe, empregouse a fórmula da Intervención Xeral do Estado, tendo en conta o universo determinado polos expedientes que integran cada tramo e o número de expedientes da mostra, fixando o número aleatorio a partir do que se inicia a escolla en cada intervalo.

Do resultado do procedemento aleatorio estendeuse unha dilixencia, que foi incorporada ao expediente xunto co documento xustificativo do emprego da fórmula por cada tramo e intervalo.



As subvencións obxecto de control financeiro despois do procedemento aleatorio son as seguintes:

I. ENTIDADES NON LUCRATIVAS

Nº ORDEN NO UNIVERSO	PAGO	IMPORTE	CIF	ENTIDAD	OBXECTO SUBVENCIÓN
5	22/08/2022	100.000,00	G15944564	FUNDACION P/FOM.CONOCMTO.CONSTR.N AVAL Y ACTIV.MARIT.EXPONAV	FUNDAC.EXPONAV.- SUBV.NOM./2021.- BASE 54.- GASTOS DE FUNCIONAMENTO DA FUNDACIÓN E DO MUSEO DA CONSTRUCCIÓN NAVAL
10	19/10/2022	96.497,46	G27023951	COMISIONS LABREGAS-SINDICATO LABREGO GALEGO	SUBV/2021. DINAMIZANDO O RURAL: PROGRAMA DE ASESORAMENTO TÉCNICO-ECONÓMICA ÁS EXPLOTACIÓNS AGRARIAS DA PROVINCIA.
15	01/12/2022	72.000,00	G15620651	FUNDACION SANTIAGO REY FERNANDEZ-LATORRE	FUNDACION SANTIAGO REY FERNANDEZ LATORRE.- SUBV. NOM./2021.- BASE 54.- PROXECTO VOZ NATURA
20	02/06/2022	60.000,00	G15279219	ASOCIACION COMITE CIUDADANO ANTI-SIDA DE CORUÑA	ASOC. COMITE CIUDADANO ANTI-SIDA A CORUÑA.- SUBV.NOM./2021.- BASE 54.- MANTEMENTO DA REDE DE PISOS DE ACOLLIDA ANO 2021
33	17/06/2022	37.500,00	G15037930	AMIGOS DE LA OPERA DE LA CORUÑA	AMIGOS DE LA OPERA DE LA CORUÑA.- SUBV. NOM./2021.- EMC 6/2021.- PROGRAMACIÓN LÍRICA DA CORUÑA 2021
45	19/10/2022	29.040,00	G70413489	ASOC. PROFESIONAL DE EMPRESARIOS DO CAMIÑO DE SANTIAGO A FISTERRA-MUXIA	SUBV/2021. ACCIONES EN MATERIA DE CALIDADE, COMPETITIVIDADE, ORGANIZACIÓN DE EVENTOS E INICIATIVAS TURÍSTICAS
57	19/04/2022	28.000,00	G15287733	SOCIEDAD DEPORTIVA RIO SAR	SUBV/2021. GRAN PRIX FITACS COPA ESPAÑA DE COMPAK SPORTING
69	05/07/2022	27.000,00	G15561301	FUNDACION HOGAR DE SANTA LUCIA	SUBV/2021. EOR-3 CENTROS DE ACOLLIDA E INCLUSIÓN. ""HOGAR SANTA LUCÍA""
81	13/10/2022	25.000,00	G15120744	CLUB DO MAR DE NOIA	SUBV/2021. FURGONETA ADAPTADA 9 PLAZAS



86	22/04/2022	23.831,78	G70444336	ASOCIACION SOCIO-CULTURAL AUGA E SAL	SUBV/2021. MELLORA DO PRODUTO TURÍSTICO MUROS, VILA DE AUGA E SAL 2021
126	21/02/2022	19.500,00	G15476310	ASOCIACION PRO SALUD MENTAL A CREBA	SUBV/2021. ED-4 CENTRO DE REHABILITACIÓN PSICOSOCIAL E LABORAL. ""A CREBA""
166	22/03/2022	17.500,00	G15681000	ASOCIACION ACCION SOCIAL EDUC.PERM.Y SERV.JUV.Y MUJER TEMPUS	SUBV/2021. EI-4 PROGRAMA CONCILIACIÓN. CAMPAMENTOS CONCILIA NO MUIÑO DE PEDROSO 2021
206	27/05/2022	15.000,00	G15110893	FEDERACION GALEGA DE BANDAS DE MUSICA POPULARES	SUBV/2021. INICIATIVAS 2021 FGBMP PARA A POSTA EN VALOR DAS BANDAS DE MÚSICA POPULARES
246	13/06/2022	13.002,69	R1500092J	HERMANAS OBLATAS DEL SANTISIMO REDENTOR (CASA DE FERROL)	SUBV/2021. EI-3 FOMENTO EMPREGO. PROGRAMA CAPACITACIÓN PROFESIONAL
286	13/06/2022	11.400,00	V15254485	COMUNIDAD MONTE VECINAL EN MAN COMUN DE ARAÑO SANTA EULALIA DE ARAÑO	SUBV/2021-FO028A. PODA, RAREO E ROZA EN MASAS DE FRONDOSAS NO MONTE DE STA. EULALIA DE ARAÑO 2021
359	04/04/2022	8.863,39	Q1573004G	CAMARA OFICIAL DE COMERCIO INDUSTRIA Y NAVEGACION SANTIAGO C	SUBV/2021. REFORMA ZONAS ACCESO A SEDE SOCIAL, REPARACIÓN E MELLORAS EN AULAS E INSTALACIÓN, ADQUISICIÓN DE EQUIP.
416	13/06/2022	7.400,00	G15045594	ASOCIACION DE EMPRESARIOS COMERCIANTES Y TRABAJADORES AUTONOMOS DE RIVEIRA	SUBV/2021. IMPULSO Ó DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO DA INDUSTRIA, COMERCIO E HOSTALERÍA
473	10/05/2022	6.329,00	G15446586	CLUB NATACION RIVEIRA	SUBV/2021. PARTICIPACIÓN DO CLUB NATACIÓN RIVEIRA EN COMPETICIÓN FEDERADAS DE ÁMBITO NACIONAL DURANTE O ANO 2021
530	04/04/2022	5.857,53	F70418439	REXENERANDO S.COOP.GALEGA	SUBV/2021. PROXECTO INVESTIGACIÓN-ACCIÓN P/ ELABORACIÓN PARTICIPATIVA DUNHA CARTOGRAFÍA DA MEMORIA REBELDE DE FERROL.
587	25/02/2022	5.250,00	G27033737	FEDERACION DE SALVAMENTO E SOCORRISMO GALICIA	SUBV/2021. COMPRA DE EQUIPAMENTO VARIO PARA A FEDERACIÓN DE SALVAMENTO E SOCORRISMO DE GALICIA
644	19/04/2022	4.781,00	G70078068	CLUB DEPORTIVO MUNICIPAL DE PIRAGÜISMO DUMBRIA	SUBV/2021. PIRAGÜISMO SLALOM ACTIVIDADE NACIONAL 2021



701	01/06/2022	4.380,09	G70382684	CLUB DE PATINAXE SARELA	SUBV/2021. PARTICIPACIÓN COMPETICIÓN DE PATINAXE ARTÍSTICA NAS MODALIDADES LIBRE INDIVIDUAL E GRUPOS SHOW.
758	02/09/2022	3.784,69	G15114192	CLUB NAUTICO RIA DE ARES	SUBV/2021. EQUIPAMENTO ESCOLA DE VELA
815	19/09/2022	3.271,92	G70593371	SOCIEDAD DEPORTIVA VILASANTAR	SUBV/2021. AXUDA PARA A PARTICIPACIÓN E COMPETICIÓN FEDERADAS DE FÚTBOL, ANO 2021
872	11/10/2022	3.000,00	V15274350	MONTE VECINAL EN MANO COMUN CONFURCO DECHAVE	SUBV/2021. ARRANXO DE PISTAS FORESTAIS NA COMUNIDADE DE MONTES
929	17/02/2022	2.600,00	G70299540	CLUBE ATLETISMO BOIMORTO	SUBV/2021. ATLETISMO - ACTIVIDADES DEPORTIVAS FEDERADAS ANO 2021
986	14/11/2022	2.320,00	G15120462	ESCUDERIA PEÑA AUTOCROSS ARTEIXO	SUBV/2021. AUTOCROSS ARTEIXO 2021
1043	08/03/2022	1.829,00	G70396205	CLUB BRIGANTIA AVENTURA	SUBV/2021. PARTICIPACIÓN NAS LIGAS NACIONAIS DE MTB-O, O-PÉ, RAIDS DE AVENTURA, CAMPEONATOS DE ESPAÑA, TEMPADA 2021
1100	17/02/2022	1.500,00	V15087265	BANDA DE MUSICA MUNICIPAL DE PADRON	SUBV/2021. INSTRUMENTOS
1157	24/08/2022	1.262,89	G70599543	ASOCIACION DEPORTIVA ESCOLA JUDO CLUB	ASOC.DEPORT.ESCOLA JUDO CLUB.- SUBV/2021 FO103A/2021 XORNADAS LÚDICAS,DEPORTIVAS-FOMENTO.(ESTIMACIÓN RECURSO REPOSICIÓN)

II. ENTIDADES LUCRATIVAS

Nº ORDEN NO UNIVERSO	PAGO	IMPORTE	CIF	ENTIDAD	OBXECTO SUBVENCIÓN
17	26/12/2022	17.500,00	B67886523	ATMOS FERA 360, S.L.	SUBV/2022-PEL-EMPRENDE INVEST. AXUDA PARA A COMPRA DE BENS INVENTARIABLES
50	19/04/2022	15.400,00	B70534573	GOODLIFE FACTORY, S.L.	SUBV/2020. CONTRATACIÓN DE PERSOAL
83	28/11/2022	15.400,00	B70502083	OS GALEGOS DA GARITA, S.L.	SUBV/2021. PEL CREACIÓN EMPREGO 2021



Deputación DA CORUÑA

INTERVENCIÓN XERAL E XESTIÓN ECONÓMICO FINANCEIRA
SERVIZO DE FISCALIZACIÓN E CONTROL FINANCEIRO
SECCIÓN DE CONTROL II
NEGOCIADO DE CONTROL FINANCEIRO

116	16/11/2022	15.143,86	***2921**	BEIRO REBOLLIDO, JAVIER	SUBV/2021. PEL CREACIÓN EMPREGO 2021
169	28/11/2022	14.151,15	B70437363	PS VET DAIRYQUALITY, S.L.	SUBV/2021. PEL CREACIÓN EMPREGO 2021
217	05/07/2022	12.905,96	***1669**	GONZALEZ CARNEIRO, OSCAR	SUBV/2021. PEL CREACIÓN EMPREGO 2021
265	07/11/2022	12.479,47	***4007**	SEOANE FERRO, MANUEL	SUBV/2021. PEL CREACIÓN EMPREGO 2021
313	09/11/2022	11.000,00	B70452834	COMERCIAL GALLEGA DE REFRIGERACION, S.L.U.	SUBV/2021. SOLICITUDE AXUDA PEL MANTENIMENTO 2021
361	27/05/2022	10.000,00	F15025810	CUSOVIAME,SOC.COOP.DE PRODUCTORES DEL CAMPO	SUBV/2020. MANTENIMENTO DE PERSOAL CONTRATADO
400	14/11/2022	9.151,20	***0890**	TOBA LOPEZ, FELIPE	SUBV/2021. SOLICITUDE AXUDA PEL MANTENIMENTO 2021
433	11/04/2022	8.550,00	***1603**	RODRIGUEZ FERNANDEZ, MANUEL BERNARDO	SUBV/2020. EMPRENDEMENTO INDIVIDUAL DE PERSOAS XOVENES INSCRITAS NO SISTEMA NACIONAL DE GARANTIA XUVENIL
466	02/12/2022	7.700,00	***1831**	DIEGUEZ PEREIRA, EDUARDO	SUBV/2021. PEL CREACIÓN EMPREGO 2021
499	06/05/2022	6.778,10	***0946**	ANDRADE FAJIN, YONE	SUBV/2021. PEL INVESTIMENTO 2021
532	13/05/2022	6.190,09	B70482914	AGRO VIRIÑO, S.L.	SUBV/2021. PEL INVESTIMENTO 2021
565	29/12/2022	5.180,00	***2702**	GULDRIS GONDELLE, CRISTINA	SUBV/2022-PEL-EMPRENDE INVEST. AXUDA PARA A COMPRA DE BENS INVENTARIABLES
593	28/03/2022	4.200,00	***0456**	BUSTO BLANCO, MARINA	SUBV/2021. PEL INVESTIMENTO 2021
731	03/05/2022	3.000,00	***9765**	PENABAD PITA, FRANCISCO MANUEL	MUR-COMB SUBM/2022. CONCESIÓN DE AXUDA. PENABAD PITA, FRANCISCO MANUEL
869	03/05/2022	3.000,00	***6158**	COUCEIRO FREIRE, RAMON MIGUEL	MUR-COMB SUBM/2022. CONCESIÓN DE AXUDA. COUCEIRO FREIRE, RAMON MIGUEL
1007	05/05/2022	3.000,00	***2996**	DEIBE PAREDES, BORJA	MUR-COMB SUBM/2022. CONCESIÓN DE AXUDA. DEIBE PAREDES, BORJA
1145	05/05/2022	3.000,00	***8416**	DOCE FEAL, ATILANO	MUR-COMB SUBM/2022. CONCESIÓN DE AXUDA. DOCE FEAL, ATILANO



1283	06/05/2022	3.000,00	B15919335	TRANSPORTES JOSE ANTONIO RARIS MARTINEZ, S.L.	MUR-COMB_SUBM/2022. CONCESIÓN DE AXUDA. TRANSPORTES JOSE ANTONIO RARIS MARTINEZ, S.L.
1421	11/05/2022	3.000,00	V15829070	SAN VICENTE DE NIVEIRO S.A.T. 1141 XUGA	MUR-COMB_SUBM/2022. CONCESIÓN DE AXUDA. SAN VICENTE DE NIVEIRO S.A.T. 1141 XUGA
1559	11/05/2022	3.000,00	***1221**	VAZQUEZ SANCHEZ EMILIO	MUR-COMB_SUBM/2022. CONCESIÓN DE AXUDA. VAZQUEZ SANCHEZ EMILIO
1697	12/05/2022	3.000,00	J70141700	AGROCIUCENDE, S.C.	MUR-COMB_SUBM/2022. CONCESIÓN DE AXUDA. AGROCIUCENDE, S.C.
1835	12/05/2022	3.000,00	***8948**	SILVA SOUTIÑO, JORGE	MUR-COMB_SUBM/2022. CONCESIÓN DE AXUDA. SILVA SOUTIÑO, JORGE
1973	13/05/2022	3.000,00	B70512082	IVAN TEMBRAS, S.L.U.	MUR-COMB_SUBM/2022. CONCESIÓN DE AXUDA. IVAN TEMBRAS, S.L.U.
2111	02/06/2022	3.000,00	***9469**	LOPEZ GARCIA, MARIA LUISA	MUR-COMB_SUBM/2022. CONCESIÓN DE AXUDA. LOPEZ GARCIA, MARIA LUISA
2249	23/06/2022	3.000,00	***1118**	LOPEZ MERELAS, MARIA JOSEFA	MUR-COMB_SUBM/2022. CONCESIÓN DE AXUDA. LOPEZ MERELAS, MARIA JOSEFA
2387	28/04/2022	2.400,00	***1262**	FERNANDEZ DOCE, PAULA	SUBV/2021. PEL AUTÓNOM@S 2021

O interventor adxunto
Juan Bautista Suárez Ramos

A xefa do negociado de control financeiro en funcións
Natalia Souto Iglesias